Ateneo Ferrolán



ATENEA

Nº 45


Revista cuatrimestral do Ateneo Ferrolán. I / 2013

Achega 3 €

Ateneo Ferrolán

SUMARIO

ATENEA Revista do Ateneo Ferrolán Nº45
Revista cuatrimestral do Ateneo Ferrolán. I / 2013
DIRECCION E COORDINACION **Ateneo Ferolán**
DESEÑO, MAQUETACIÓN E ILUSTRACIÓNS **Cocinanegra**




Un dos obxetivos da actual directiva do Ateneo é a volta a impresión da revista Atenea para que chegue aos socios non só en formato dixital, tamén en papel para disfrutar dela pasando as follas coas propias máns. Coa publicación deste número 45 o acadamos e terá continuidade cuatrimestralmente.
Estamos a pasar uns momentos críticos na nosa Entidade derivada duns atrancos que non contábamos, dende a perda de espazo no renovado edificio ata o retraso na volta dos fondos da biblioteca, da hemeroteca e a pinacoteca, ademais do mobiliario. Todo isto non axuda a que os socios podan disfrutas dos, libros, periódicos, cadros ou do local como se merecen. Por iso o primeiro é agradecer o empuxe calado deles para o noso Ateneo que nos sentimos. Vamos camiño dos 150 anos de vida, moitos deles con severas dificultades. Pero aquí estamos, a seguir reivindicarnos con este exemplar de Atenea.
Queremos que os socios podan ir ao Ateneo a disfrutar de conferencias, cine ou música pero tamén que podan sentar nunhas cadeiras para falar con outros socios, tomar un café ou ler un libro. En definitiva, unha sociedade centrada primeiro nos seus socios. A directiva do Ateneo ten iso presente e para iso traballa.
Neste número reproducimos unha serie de artigos escritos polos expresidentes do Ateneo que se publicarían nun número especial pola reapertura do Ateneo. Non se produciu como estaba previsto pero non deben de quedar no esquecemento. Antes ao contrario, é oportuna a súa publicación para lembrar a historia recente da Entidade.
A revista ten que ser unha das primeiras mostras desta nova etapa. Atenea pretende ser o voceiro do Ateneo e o medio de expresión dos socios. Por iso hai un espazo ateneísta a disposición dos socios, ademáis de amosar os actos feitos e a programación. Queremos ir máis aló para encher un valeiro cultural na nosa cidade que modestamente pensamos que podemos ocupar.
Entre todos faremos posible unha boa publicación. Ilusión e traballo non van fallar.

Ramón Veloso


Ateneo Ferrolán

Cousas da nosa BIBLIOTECA • HEMEROTECA



Lema Bouzas:
pinturas e esculturas
Autor: *Deputación da Coruña*




El país de los cuentos
(conto infantil)
Autor: *María José Pardo Fandiño*



Buques de la Armada Española
del siglo XIX:
La marina Isabelina (1834-1867)
Autor: *Alejandro Anca Alamillo*



Ricardo Nuñez:
o emperador da simpatía
Autor: *Manuel Curiel Fernández*



Fundación José González Collado
(exposición Novacaixagalicia)
Autor: *Diario de Ferrol*




Fernando Pereira: retrospectiva
Autor: *Deputación da Coruña*



Navegando entre castillos...
El Castillo de San Felipe en Ferrol
Autor: *Juan Antonio Rodríguez-Villasante Prieto*



2012 Centenario Eugenio Granell
Autor: *Fundación Eugenio Granell*



Eduardo Rodriguez-Losada Rebellón:
Catálogo de partituras
Autor: *Mª Dolores Liaño Pedreira, Real Academia Gallega de Bellas Artes*



3236 días (catálogo pinturas)
Autor: *Fernando Yañez*



Poemas de rencor y odio (2009-2012)
Autor: *Miguel Melero*


Ateneo Ferrolán



ESPAZO ATENEISTA

BEATRIZ GUERRA
O ladron de libros

Ó principio roubaba libros que non podía mercar: Tom Clancy, Dan Brown, Michael Chricton...Espías e conspiracións iban parar o peto da sua roupa. Despois de lelos, sentíase baleiro.

De supeto, un día viu, no expositor central da librería, unha edición de luxo de " O diario de Frida Kahlo". Sentiu o seu corazon palpitar cando viu a sua portada:

-"¿ Vaste non?-dicía Frida- Estou soa."

Frida era un anxo negro. Abriu as súas paxinas e ollou a sua letra a man. Figuras de mulleres negras. De mans amarelas. De soles vermellos. Uliu o cabelo negro de Frida. O seu suor. O seu corpo retorto polo sufrimento. E meteu o libro no peto do pantalón. Cando chegou a casa, abrazouna. Bailou con ela. Acariñou as letras e debuxos cas xemas dos dedos. Chorou nas súas paxinas. En fin, amouna.Seguiu roubando libros. Amou o cabalo desbocado de Silvia Plath. Amou a Jo, a Beht, a Amy e a Margaret, as suas raparigas queridas. Amou a bondade de Jane Eyre. Amou a paixón de Catherine nas cumes borrascosas.

Durmía cas suas amantes. Cada noite acariñaba as suas sufridas letras. Bailaba con elas a luz das candeas. Bicaba os seus marxes nus. Bicaba os seus lombos cativos.

Un día o home apareceu morto na librería. No seu peto levaba un facsimil de Lilith, a primeira muller de Adán. Ela non quixo ser roubada.

CHICHA CERECEDO

Ventres insaciables

Da avaricia nútrense
banqueiros e gobernantes,
que a base da súa soberbia
enganan ó obreiro,
campesiño,
mariñeiro
e comerciante.
Os seus sinais son as alforxas,
o seu enderezo o diñeiro
en sacos
e o peso dos seus vaivéns
o seu estómago
xamais
saciado.

O gran carrusel

Non te deteñas no tempo,
e menos no pasado,
que no carrusel da vida
existen gotas de sangue
e de mel,
xa que a Terra
xira
e
xira
coa súa penumbra
e
solpor.

Latexos escondidos

Existe nas cordilleiras,
montañas e rochas
o latexo do mundo
mostrándonos
a cara vermella.
Escondidos no máis profundo
saen á superficie
latexos inexplicables
que fan revivir
o inaudito.
En formas,
cores
e dimensións
así se nos manifestan
penetrando tan adentro
que fan extraer
do máis recóndito
o bo,
transformando
o mineral
nun canto
de esperanza
e consolo,
xa que a súa beleza
e grandeza
encerran pinceladas
do tempo,
onde a firma da materia
nos amosa
o tránsito,
viaxe
e movemento.

CRUZ MARTINEZ
A coleccionista de cicatrices


Teño os cóbados inmobilizados
confinados nas bagoadas
onde moran
as fendas abertas da muruxa

Quito os lentes escuros
non os preciso
e déixoos pendurados
danzando na abotoadura da chambra
Intérnome en min mesma
na senda máis tépeda
máis sombría
A orballeira móllame os pés
e pónseme na man
a insomne bágoa
que abriu a páxina lacrada
da derrota

Porque quizais espertei no momento
en que todo é previo
á patética secuencia dunha sombra
Porque talvez
acordara na interpolación
dunha implícita sobredose
tan imprecisa, tan séptica!
Por iso
inhíbome dilacerada na señardade
e procuro a iridescencia
suxestiva dunha miñaxoia

Hame dar igual
o lirismo inconcluso que te arrodea
Neste momento
non son máis ca
unha coleccionista de cicatrices
As verbas tropezan coas fiestras pechadas
consúmense nun crematorio
e todo acaba
como nun incendio
Neste intre
xa non procuro máis ca
recoñecerme nos vocábulos
que se albergan no interior dos meus labios
Absorbo o silencio das palabras
e instálome muda na friúra
na xeada do mes da candeloria
Has de saber
que me restablezo tras os apósitos
aínda que de vagar
Sei que haberá outros invernos
e outonos
nos que fixar o eterno fonema da nostalxia
dun poema

FERNANDO AGUILAR





Ateneo Ferrolán



IRENE QUINTEIRO BLANCO
É moi aburrido estar só

Non acerto a comprender por que me fan agardar aquí. Non é que me moleste que marchen sen min, xa estou afeito a que me deixen só na casa moito tempo. Non sei onde van porque nunca mo din, e seica non podo ir con eles. Pero non importa, sempre volven, máis cedo ou máis tarde, sempre. Eu recíboos de boa gana e móstrolles o ben que me portei durante a súa ausencia, non quero que se anoxen comigo. É moi aburrido estar só.

O asfalto quece demasiado para sentarse no chan, menos mal que atopei un anaco de sombra nesta beira. Vai moita calor aquí, preferiría estar na casa, co seu terrazo fresquiño. Iso é o estraño, normalmente quedo só na casa, coa porta pechada, pero esta vez non. Deixáronme fóra, nun lugar descoñecido. Seguramente é porque confían moito en min, e saben que non vou marchar a ningures. Onde ía ir eu só, sen eles, sen a miña familia.

Pero a calor faise algo pesada de soportar. Pola noite estase mellor, pero a estas horas xa custa incluso respirar. Agora aínda por riba dóeme o estómago. Algo do que comín non me sentou ben, pero é que tiña tanta fame…

Oes, non deberiamos chamar a alguén? Dígoo porque xa leva aquí uns días, e nunha destas vai atropelalo alguén… Se non morre antes da calor, claro. Ademais, anda a rebuscar no lixo e logo temos que recollelo nós. E que a xente non pensa as cousas antes de facelas? A ver se poden vir por el…

JAVIER MASEDA RODRÍGUEZ
O apolíneo emocional

Sempre dicía que estaba feito a base de pezas soltas…, un brazo por parte de pai, media perna da súa nai, un anaco de tronco familiar e, por desgracia, moi pouca cabeza, esta vez de colleita propia, o que deu nel un produto de primeira marca a nivel físico e de saldo a nivel sentimental.

É que estaba lonxe desa mestura feliz de pezas que nos permitirían falar del como un apolíneo emocional de marcados abdominais, peito tridimensional e pernas ciceladas. Atopábase por contra no grupo dos sentimentalmente ben pouco parecidos, nin sequera do montón, de musculatura flácida, tez mortecina, e lixeiro sobrepeso. Non estrañaba así o discorrer alterado da súa existencia sentimental, empezando e abandonando, buscando desesperadamente e crendo atopar…, tentando, esperanzado…, e outra vez rompendo o que xa escribira.

Especialista en tropezar tres veces na mesma pedra, é normal que o tempo non lle dera mellоría. E agora vello, non resulta difícil recoñece-las enrugas que lle deixaron os golpes menos afortunados das súas relacións sentimentais, cicatrices dos distintos xeitos, moitas veces opostos, de entende-lo sentimento.

Vino por última vez o outro día, xa non sei se na cuarta ou quinta pedra, de novo cara consumida e ollos afundidos… Non lle fixo falla falar para dicir que así eran as cousas… É que ambos sabiamos que, detrás dese mal remate sentimental, xira a implacable soidade, da que fuximos e que nunca deixa de ter fame.

JORGE MIGUEL GAGO CHAO

Os ratos da vida
A vida vai a ratos.
Pódese cantar chorando,
chorar escoitando cantar,
pódese amar amando,
amar cantando e chorar.
Pódese rir cantando
e de ledicia bagoar,
a vida é un continuo debagar.

Moito parece
Confúndense aos parece
coas realidades latentes,
un parece é como se interprete
no interior das distintas mentes,
a partires da mente co invente.
A realidade tarde ou cedo aparece
para certificar a veracidade de un parece
e trocalo pola palabra verdadeiramente.

Variedade nos días
Nos días dos ánimos mornos
esquívanse as pucharcas polos contornos
e líbranse os pes de semellantes bochornos.
Nos días dos ánimos febles
písanse as pucharcas e móllase a metade do corpo,
culpa é do ánimo e os seus trastornos.
Nos días dos ánimos xoviais
tanto teñen os adornos;
non importa empapados ou secos,
nin a chuvia nin os ventos,
nin os pasados remotos,
apreciase a vida de tódolos modos.

Algo hai que se vai
Sabios consellos, ás veces,
reflicten coma espellos
as cousas que non vemos.
E algo hai que se nos vai,
e se ninguén nos avisa o perdemos.
Sabios consellos; ás veces,
laian, e se deixa que se vaian
para o ben dos erros vellos.
Algo hai que se nos vai,
e se ninguén nos avisa o perdemos.
Sabios consellos, ás veces,
fan que espertemos
aquela troita vella que temos.
E algo hai que se nos vai,
e se ninguén nos avisa o perdemos.

MARIO MARCOS PARDO
Somos lumpen

Quixo gozar dos sabores de antano e tivo que se desprazar lonxe, vir até unha zona residencial con chalés de amplos xardíns e altos muros; na súa barriada de escangalladas vivendas de protección oficial ou en polígonos semellantes, non atoparía ren.

Atrás, nun recente pasado, a denantes clase media baixa, propietaria de monovolume, confiaba nun futuro de promoción social para a súa pequena prole grazas a universidade, agora somos lumpen: ladroízos, esmola, prostitución, tráfico de drogas, recollida de ferralla ou cartóns.

Remexendo nas bolsas de lixo puido, apañando desta e daquela, escolmar un selecto menú: un envoltorio cun pouco de foie-gras lexítima, cascas de lagostinos coas cabezas intactas, ósos de costela de año, o recubrimento plástico aínda graxento dun turrón brando…

Chuchar con deleite as cabezas dos lagostinos transportouno a tempos mellores: lembrouse do euro.

Fora cuestión de sorte ou do mal calificado como xermánico esforzo, tampouco era para tanto: non arrotaría de felicidade.

ROCIO LEDESMA COBELO
Unha mirada de Ferrol

Fican os perfumes de lavanda,
un neno triste no berce,
unha risa pura de inocencia
pequenos instantes infinitos
nunha cidade morta de suspiros.

Fican as barcas e as fragatas,
un mariñeiro fumando puros
un bico do pai ó fillo,
un obreiro detrás dun muro
no estaleiro envolvido na contaminada ría
o traballo automático
do pan de cada día.

Fican os edificios queimados e caídos
esas casas que pertencen aos ecos da historia
das xentes fartas da desidia
dunha incompetencia política
que destrúe o tempo e a memoria.

Fican os pacientes pescadores das Pías,
eses mariscadores furtivos,
as vellas glorias do Casino,
as pombas da Praza de Armas,
unha nai berrando ó cativo
na nova Praza de España
cuxas obras xamais rematan.

Benvidos a Ferrol
cidade das luces e das sombras
contrastes surrealistas
con fermosas vistas paradas
nun tempo modernista
reflectido nas rúas
que rouban a sabedoría dos vellos
como a noite recolle a luz da lúa.

TITO PÉREZ PÉREZ
Sentenza trece

SENTENCIA TRECE
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
(este é un poema de palabras pouco poéticas)
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
estou na cis-do-ce-ta
andar dous,
e non son quen máis que de ollar a pantalla
que anatematiza:
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
o lema aqueloutra no meu discernimento,
e doulle lume ao pouco carozo do meu maxín.
pido emprestado un lápis
(ou un menos poético lo-fí-bra-go)
e procuro un algo onde me verter
(unha man, un anaco de papel pequeno)
e degluto aquilo no que me vexo e me sinto
(este mesmo conto)
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
e como unha néboa de confunción me analcoholiza
fico moi enfastiado
por mor do desagradábel ruído que impera e destrúe ubicuo
as veas do meu sangue
e digo:
a poesía é tan pura
que o mundo non pode pasar un segundo sen ela.
mais eu si.
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
WATCH MORE TV INTERNATIONAL
SENTENCIA TRECE:
(Vergoña que todos cren.
E é real.
Pero eu non o creo.
Aínda que eles sexan os apóstolos
e a min me nomeen mártire.)

Ateneo Ferrolán

POLA DEFENSA DO ATENEO FERROLÁN E A NOSA SEDE

ATENEO FERROLÁN – A SÚA HISTORIA DENDE O ANO 1879 NA CIDADE DE FERROL.

Acta de constitución do primeiro ateneo na cidade de Ferrol, asinada o 24 de marzo de 1879, fai 134 anos (1879 - 2013).

O ATENEO FERROLÁN fúndase o ano 1879 coa denominación de ATENEO ARTÍSTICO, CIENTÍFICO E LITERARIO DE FERROL.

Cunha Xunta Directiva formada maioritariamente por persoal civil, médicos, xornalistas e escritores, con ao redor de medio centenar de socios/socias comeza a súa andaina esta Sociedade Cultural co obxectivo de "ampliar os coñecementos dos seus compoñentes e difundilos entre as clases populares, elevando o seu nivel intelectual e familiarizándoas cos modernos ideais da ciencia e a arte".

Non faltaron, desde os primeiros momentos, discrepancias, controversias e enfrontamentos, un dos cales, cun socio, Director dun diario local, transcendeu máis aló da cidade e ata do País, chegando a ser comentado no "The Daily News" de Inglaterra, pois o conflito pasou dunha cuestión persoal e interna do ATENEO a pór en xogo algo tan sensible como a liberdade de prensa.

A non superación deste conflito provocou un decaemento importante das actividades da Sociedade e a súa precipitada desaparición un mes antes de cumprirse un ano do seu nacemento.

En 1903 un grupo de 90 persoas acoden a un chamamento para fundar novamente o ATENEO, o que subscriben soamente 71. A finais dese mesmo ano unha reunión de 100 persoas debaten os fins desta institución. Ao final só unhas 15 persoas serán os verdadeiros impulsores da Sociedade cuxos obxectivos principais quedaron así definidos:

1º) Conseguir un ATENEO estable, permanente, institucional e do pobo.
2º) Conseguir unha comunicación intelectual de clase burguesa e proletaria.
3º) Conseguir un Centro de espírito de tolerancia e palabra libre, onde se pense en voz alta con elevación de ideas e fondura de sentimentos.

De 1903 a 1906 a actividade principal do ATENEO céntrase nas Conferencias que imparten socios e non socios e que alcanzan a cifra de 50/60 durante cada un deses catro anos. A partir de 1907 a actividade vaise reducindo ata chegar a menos de media ducia nos últimos tres anos 1913, 14 e 15.
Alcanzaron gran difusión e moi boa acollida os ANUARIOS publicados polo ATENEO coas conferencias e debates producidos ao longo do curso.

É de destacar a homenaxe que o ATENEO FERROLÁN dedicou en 1905 a CERVANTES con motivo do trescentos aniversario da publicación do QUIXOTE, consistente en dúas veladas literarias e a publicación dun folleto cos traballos presentados.

Cunha actividade cada vez máis reducida e un recoñecemento de non avanzar na consecución dos seus obxectivos o ATENEO DE FERROL pecha as súas portas a finais de 1917 por segunda vez.

Coincidindo co languidecimento do ATENEO CIENTÍFICO, ARTÍSTICO E LITERARIO de FERROL, xorde nos anos 1914 e 1915 un ATENEO SINDICALISTA que se nutre de distintas colectividades obreiras constituídas ao redor do socialismo, sindicalismo e anarquismo.

A actividade máis destacada deste ATENEO foi a celebración dun CONGRESO INTERNACIONAL A favor DA PAZ, organizado por iniciativa do ATENEO LIBERTARIO DE XIXÓN.

É interesante apuntar o manifesto-convocatoria deste Congreso:

"O ATENEO SINDICALISTA DE FERROL (ESPAÑA)", pequeno en número pero grande en ideais de redención humana, convoca a un Congreso Internacional a socialistas, sindicalistas, anarquistas e organizacións obreiras do mundo, para discutir a seguinte orde do día:

1º) As medidas máis rápidas para terminar a actual guerra europea.
2º) Nova orientación a seguir en adiante, para evitar tales crimes de lesa humanidade.
3º) Desarmamento xeral dos exércitos permanentes.

O Congreso foi torpedeado e abortado polas autoridades. Os 36 delegados internacionais que iniciaban as sesións xunto coa maioría dos asistentes foron detidos e os delegados deportados.

A Comisión organizadora recibiu numerosas adhesións de Europa e América, ata dos países en conflito.

Non queda constancia da continuidade do ATENEO SINDICALISTA máis aló de 1915.

Ata 1931 non se recupera a actividade ateneista en Ferrol. A chegada da República supón un revulsivo social e prodúcese un esplendor cultural xeneralizado. Só en ASTURIAS localízanse 79 Ateneos.

En 1931, terminada a Ditadura de Primo de Rivera, un grupo de personalidades locais e antigos ateneistas deciden recuperar o ATENEO FERROLÁN "como centro de divulgación artística, científica e literaria, con miras exclusivamente ao cultivo intelectivo, de expansión cultural ...." A actividade principal céntrase en conferencias e debates abertos a todo tipo de temas, relixiosos, políticos, sociais, etc.

É de destacar a retirada en masa do sector católico, que reduce á metade o número de socios do ATENEO.

A pintura, a colaboración con outras Entidades, a acollida a todo tipo de actividades culturais na súa sede, son os acenos de identidade do ATENEO FERROLÁN que neste período apenas ten problemas ou detractores, salvo o abandono dos católicos por rexeitamento aos debates sobre relixión que se celebran.

Nos anos 1934 a 1936 temos que apuntar a curta pero intensa existencia dun ATENEO no barrio máis antigo da cidade, o ATENEO CULTURAL DE FERROL VELLO. Chegou a manter un cadro artístico que realizou representacións teatrais no mellor teatro da cidade.

O Alzamento Militar de 1936 acabou cos dous ATENEOS existentes en FERROL nesas datas manténdose pechado os 40 anos da ditadura.

En 1976 recupérase o que ata hoxe se denomina ATENEO FERROLÁN.

Restablecidas as liberdades coa morte do ditador en 1975, un grupo de ferroláns que xa viñan desenvolvendo actividades culturais aproveitando ó máximo a Lei de Asociacións vixentes, a través da Asociación Ferrolana de Cine-Club, ou de Antigos Alumnos do Instituto, aborda a recuperación da Sociedade baixo a actual denominación ATENEO FERROLÁN, feito que se produce no clima de efervescencia democrática e política no ano 1976, sendo nomeado Presidente Fernando Álvarez Bouza, despois de consensuarse unha candidatura "neutra" para evitar confrontacións ou protagonismos dos partidos políticos emerxentes.

Nesta última etapa, a cuarta, a máis longa na vida do ATENEO, tivo ó fronte da Entidade os seguintes Presidentes:

Ano 1975-1977 O xa citado, Fernando Álvarez Bouza.
Ano 1977-1979 Natalia Lamas, Pianista.
Ano 1979-1980 Xaime Quintanilla Rico, Médico.
Ano 1980-1983 Angel Teijeiro, Licenciado e Deputado.
Ano 1983-1984 Fernando Márquez Gallego, Médico.
Ano 1984-1987 Jesús Porta Dovalo, Avogado.
Ano 1987-1989 Guillermo Llorca Freire, Historiador.
Ano 1989-1990 Alvaro Espilla Díaz, Libreiro.
Ano 1990-1995 Luis Calvo Teijo, Delineante.
Ano 1995-2012 Eliseo Zaera Ríos, Enxeñeiro Técnico Naval
Ano 2012- Ramón Veloso Rodríguez, Economista
(Presidente na actualidade)

Os Estatutos do Ateneo Ferrolán foron aprobados, como modificación dos de 1931 o día 28 de xuño de 1985, e no mes de abril de 2004, aprobouse a adaptación á normativa actual.

As dúas rehabilitacións acometidas nos anos 80 foron cofinanciadas polos socios e socias.
En 1982, co primeiro piso dos números 202 e 204 da rúa Magdalena xa cedidos, o Ateneo comezou unha campaña de recollida de fondos "Pro local social" que incluíu, entre outras actividades, concertos para recadar cartos destinados a este obxectivo. As aportacións dos socios xogaron un papel determinante na primeira obra de adecuación, para a que houbo donativos importantes, entre eles un de medio millón de pesetas da época – procedente dun dos membros desta entidade -e outro de 200.000 pts dun industrial ferrolán. A cantidade que se requiría para executar o proxecto do arquitecto Francisco Iglesias Miño era de cinco millóns de pesetas, pero as subvencións-procedentes do Ministerio de Cultura e da Deputación, non do Concello - unicamente ascendían a 400.000. En xuño de 1983, sendo presidente do Ateneo Fernando Márquez, o titular da Xunta, Gerardo Fernández Albor, acudiu á inauguración da sede do Ateneo, un acto que tamén contou coa presenza do conselleiro de cultura, o alcalde e

numerosas personalidades, entre elas o profesor Ricardo Carvalho Calero.
Pero non foi a única rehabilitación que levouse a cabo no inmoble. Un ano despois, o Consello de Ministros aprobaba unha inversión de 31 millóns, dos que 21 foron aportados pola Dirección Xeral de Arquitectura e Vivenda do MOPU e os 10 millóns restantes polo propio Ateneo. Unha vez máis o Concello quedouse ao marxe
Grazas á constancia e ó empuxe dos socios e socias, con Jesús Porta na presidencia, en 1986 inaugúrase, unha vez máis coa presenza de Fernández Albor, a sede social do ATENEO FERROLÁN no número 202-204 da rúa Magdalena, espléndido edificio do século XVIII (1762), trátase dun dos edificios máis representativos do Barrio da Magdalena, pertencente ao Legado Carvajal. Os seus balcóns de ferro forxado, de gusto rococó, son o elemento decorativo e expresivo do elevado rango desta edificación. Magnificamente restaurado e habilitado para albergar a sede social dunha das institucións culturais máis antigas da cidade de Ferrol e para o desenvolvemento das súas actividades culturais dentro do histórico Barrio da Magdalena. No 2010 comeza unha nova rehabilitación, que dende o ano 2002 fora aprobada polo pleno municipal do Concello de Ferrol, acuciada polos problemas de espazo para almacenar os fondos patrimoniais do Ateneo e polo deterioro do inmoble polo paso dos anos.

Nos anos 80 alcanzou os 1200 socios/socias e realizou actividades destacadas, recuperando o estilo e obxectivos identificativos dos ATENEOS. Unha sutil e firme sensibilidade dos socios e socias desta entidade actuou en momentos críticos, abortando e superando situacións que non respondían axeitadamente ó espírito ateneísta que hoxe ninguén discute e que se resume no seu lema:

"Un lugar de encontro para a cultura"

A PLURALIDADE, a TOLERANCIA, a DIVERSIDADE, ... as portas abertas a tódalas opinións, voces e temas, van acadando e confirman un prestixio e solidez que fan do Ateneo Ferrolán unha entidade en permanente actualización e en constante sintonía cultural, política e social co pobo, en defensa da lingua e a cultura galega especialmente.

Nese amplo universo leva movéndose o Ateneo Ferrolán, entidade sen ánimo de lucro e autofinanciándose maioritariamente, nas súas diversas actividades que podemos resumir en:

EXPOSICIÓNS DE ARTES PLÁSTICAS. (Cunha media de 15 anuais)
CICLOS DE CINE . (Tódolos trimestres)
CONFERENCIAS, DEBATES E MESAS REDONDAS. (Todo o ano)
CURSOS: pintura, música, teatro, fotografía, ... (Todo o ano)
CERTAMES: FEITURA (artistas noveis galegos).
CONCURSO FOTOGRÁFICO MEDIO AMBIENTE.
(Nivel estatal. Continuo dende 1991).
CONCURSO INTERNACIONAL DE COMPOSICIÓN E GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN". (Nivel internacional. Dende 1991).
XORNADAS DA GAITA. (Continuo 22 anos).
XORNADAS DE CURTAMETRAXES (Continuo dende 2001)
Promotores e Organizadores dos emblemáticos XOVES TEATRAIS.
(dende o ano 1995 ate o ano 2000).
CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA". (Dende 2003)
PUBLICACIÓNS: REVISTA ATENEA (4 ó ano)
MONOGRÁFICOS: CADERNO DO ATENEO FERROLÁN (Anual).

A súa BIBLIOTECA – HEMEROTECA de uso público, con prácticas tódolos anos de estudantes de Biblioteconomía, é a ÚNICA hemeroteca de Ferrolterra sendo un dos puntos de encontro de calquera investigador.

A súa actitude aperturista para o debate de todo tipo de ideas, o seu apoio a todas as causas reivindicativas, a súa defensa e difusión da cultura galega e a súa decidida aposta por dar acollida e soporte a cantas iniciativas culturais poidan presentar socios e non socios, fan do ATENEO un referente cultural na cidade de Ferrol.

Ademais das actividades apuntadas non podemos deixar de resaltar a apertura diaria da súa Biblioteca (con máis de 10.000 exemplares) e a súa Hemeroteca, única da cidade e comarca, obxecto de numerosas consultas de universitarios e investigadores. Tamén son de destacar, os faladoiros semanais, os grupos de filosofía e poesía, así como o Club de Lectura. Para rematar, dentro do estilo de acollida e impulso de iniciativas é de destacar a culminación dun proxecto de RADIO da mocidade que estivo emitindo os seus programas diarios durante 5 anos (ate a ultima rehabilitación) desde as instalacións do ATENEO FERROLÁN.

ASEMBLEAS – REUNIÓNS (OUTRAS ENTIDADES):

- A ESCOLA DA VACA.
- IU - EU
- FUCO BUXÁN
- BNG
- CONSELLO SECTORIAL MULLER
- ADEGA.
- ACOF
- MERCADO DA MAGDALENA
- AA. VV. - VARIAS
- MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES
- SGHN
- AMICOR
- COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL
- PLATAFORMA QUEREMOS GALEGO
- UNIÓN LIBERTARIA
- ASOCIACIÓN BRIGA
- PSOE
- ASOCIACIÓN CULTURAL XUBILADOS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- PLATAFORMA ÁRTABRA 21
- AGACAMT
- DEFENSA MONTES DE BRIÓN
- DEFENSA CARBALLEIRA DE MENÁNCARO
- COOPERATIVA XOANIÑA
- COLECTIVO OPAII
- FUNDACIÓN FEDERICO ENGELS
- FUNDAÇOM ARTABRIA
- COFRADIA DOLORES
- ASOCIACIÓN GALEGA DA LÍNGUA
- CÍRCULO RACINGUISTA
- COLECTIVO GALENTENDO
- ASOCIACIÓN COMETA
- VERDEGAIA

COMEZA A MOSTRARSE A FACHADA

POR MARIO VALDIVIESO

Me pasé casi media hora releyendo los estatutos del ATENEO FERROLÁN, para comprobar que en ninguno de sus artículos se definía como una agrupación de "insufrible soberbia", como cierto individuo la ha calificado recientemente. Entonces caí en la cuenta de que se refería tal vez a los socios o a los miembros de las directivas que se han ido sucediendo a lo largo de los años. Pero ¿a cuales se acusa de tal falta de humildad? ¿Será a los actuales, porque quizás no aparejen a su gusto? ¿Será a todos ellos?
Últimamente salen a la palestra mediática algunas manifestaciones en las que se deja traslucir contra el ATENEO FERROLÁN una virulenta animosidad de difícil explicación. Tengo la opinión de que, a veces, cierta gente acumula en su cerebro una amalgama de envidias y rencores que, por conveniencias sociales, no ve modo de descargar en su cotidianeidad, hasta que surge la ocasión y entonces se muestran tal como son. Ignoro si es su caso.
Naturalmente que, a lo largo de su devenir, el ATENEO FERROLÁN ha sido regido por diferentes individuos, de variados caracteres y con las virtudes y los defectos que suelen adornar a todos los humanos, tal como sucede en cualquier grupo o asociación. En consecuencia, pueden tener lugar situaciones que, con mayor o menor fortuna, acostumbran a ser dirimidas ante la asamblea de socios, cuyas resoluciones intentan mejorar el rumbo a seguir. Como sucede, repito, en cualquier grupo asociativo.
Creo, señoras, señores, que el ATENEO está abierto a ser enjuiciado y criticado por quien quiera, con ánimo de mejorar su funcionalidad, en cualquier época y con la corrección debida. Y también creo, vive Dios, que en las actuales circunstancias, con la cerril actitud de la municipalidad vigente, que muestra una inequívoca intención de barrerlo del mapa, algunos corifeos no disimulan mostrar el enfermizo gozo de aquellas turbas que en otros tiempos presenciaban la vergüenza del cadalso.
Dando por omitidas pedradas y zancadillas, confiamos en que se recupere el sentido común y las aguas regresen a su cauce.
Pese a todo lo pasado y lo que pueda pasar, descuidad ciudadanos: ¡vuestro ATENEO no se rinde! Y no es soberbia. Es convicción.

CULTURA EN FERROL=ATENEO+X-concelleiro de idem.

POR BERNARDO MAIZ

Vai para dous anos, traballando eu na sala de investigadores do "Archivo Militar de Ferrol", onde quen alí esculcamos na historia sempre mantivemos relacións cordiais entre nós e co persoal que alí traballa, modélico no seu oficio, un usuario comezou esixir a grandes voces atención preferente, pois estaba realizando un traballo tan importante como el, que era "profesor universitario" (sic), nada menos; coa súa desmesura verbal e xestual aquel individuo provocou unha situación extremadamente tensa, condenada por todos os presentes e cortada cando, sinalándolle a porta, lle indicamos que presentara unha protesta formal. Ese día comentaron alí que o protagonista do incidente era un tal Manuel R. García, profesor na Facultade de Humanidades de Ferrol e con algunha cousa publicada.

Non souben do nomeamento de aquela iracunda persoa como concelleiro de cultura no goberno do PP en Ferrol até ler na prensa que a pouco de asumir o cargo xa estaba enfrontado coa práctica totalidade das entidades culturais ferrolás; despois lin, con pena, manifestacións do seu non aprecio pola lingua e cultura galegas (cousa propia de xente pouco ilustrada e menos cosmopolita), e fiquei abraiado cando este personaxe declarou neste periódico "como profesor de universidad" (sic) que "la misión de la concejalía de cultura no es educar" ...

Agora, o edil García anda a enredar co edificio do Ateneo Ferrolán, querendo marxinar a esta sociedade. Prefiro pensar que actúa deste xeito por ignorar como naceu e evolucionou o Ateneo contemporáneo, o seu traballo como sociedade dinamizadora da cultura de Ferrolterra, case en solitario durante décadas. Con seguridade descoñece o concelleiro as publicacións propias, a biblioteca e os fondos plásticos, documentais e hemerográficos que foi xuntando un Ateneo que, comprobei, é admirado en todo o territorio español. Tan enorme e valioso labor puido ser desenvolvido mercé, entre outros factores, a dispor dun edificio no que o Ateneo, sempre aberto a toda a cidadanía, leva décadas e que o Ateneo foi enchendo de contidos, un edificio que foi adaptado no seu momento para o Ateneo, un edificio que está sendo remodelado para o Ateneo: revisen con honestidade, vostede e os seus conmilitones, a documentación municipal. Asemade, interfecto e corifeos andan a enredar con Concepción Arenal, ignorando (tamén) que hai en Ferrol un instituto, unha institución pública de brillante traxectoria académica e cultural, o "instituto" por antonomasia, que dende o 26 de outubro do 1930 leva tan ilustre nome.

É triste que unha sociedade até agora digna de respecto como a SAF lle faga o xogo ao señor García, e máis triste aínda para a veciñanza de Ferrol que no grupo de goberno municipal do PP, onde sei hai persoas honestas, cultas e demócratas, ningún teña máis siso que este don Manuel. Me defraudan.

MIEDO

POR JOSÉ VARELA

... auténtico propósito de la derecha: eliminar el nombre mismo del Ateneo.

A los vencedores de la Guerra Civil no les bastó con los fusilamientos, el exilio, el asesinato, la prisión y las incautaciones de bienes. En su afán desmedido por borrar la huella de los republicanos llegaron a excesos que serían cómicos si no tuviesen un origen trágico. Es el intento de eliminar del registro civil el nombre de Santiago Casares Quiroga. Lo mismo podría decirse de la decisión de Stalin de retocar las fotografías en las que aparecía Trostki a su lado o al de Lenin. No eran solo revanchas bufas: en el fondo tenían miedo de sus adversarios. Tanto poder habían acumulado, y al final resulta que eran unos cagones, unos flojos, escasos de testosterona: pura fachada.
Es un fenómeno psicológico de manual. En Ferrol, nunca hasta el actual mandato ningún partido logró la mayoría absoluta para gobernar el municipio. Pero quizá esa mayoría no haya disipado los miedos ancestrales; pareciera que el PP sigue preso de sus fantasmas. Una propuesta que podría ser razonable, el debate del uso que se ha de dar a los bienes públicos adjudicados a entidades privadas – no veo porqué no se puede discutir si los bienes del Ateneo, del Toxos, de las cofradías religiosas, etcétera, están bien o mal gestionados si son propiedad de todos los ciudadanos -, viene acompañada del auténtico propósito de la derecha: eliminar el nombre mismo del Ateneo. La operación es de una tosquedad tan evidente que sería impropia que procediese del departamento que lleva el nombre de Cultura, si no fuese que lleva también, y muy visible, la señal del miedo.

La Voz de Galicia 26/08/2012



ILUSTRADO ATENEO ILUSTRADO.

POR ALFREDO ALCALÁ E RAMÓN MONTERO
Arquitectos

Ya podemos volver a disfrutar del **Ateneo Ferrolán,** Lugar de debate y conexión social que nace de la necesidad de los humanos a relacionarnos en espacios públicos como plazas, calles y equipamientos de nuestras ciudades.

La historia del Ateneo Ferrolano comienza **treinta años atrás,** ocupando algunos locales de Magdalena 202-204. La necesidad de **ampliación del foro para absorber las actividades demandadas** por los ferrolanos da lugar a esta última intervención, con la que se pretende conseguir un edificio de gran entidad sociocultural para nuestra ciudad.

Con esta intervención se ha conseguido unificar dos edificios, que durante 50 años han sido utilizados por diversos organismos. Durante su utilización por los Juzgados de la ciudad una única función se ha desarrollado en ambos edificios, con los inconvenientes físicos e incomodidades que suponían los diferentes niveles entre sus plantas. De esta dificultad pretendimos hacer virtud en la reforma unificadora de ampliación.

Bajo las premisas básicas del programa de orden único, facilidad de acceso y puesta en valor de lo existente, se confecciona la propuesta, unificando accesos por el edificio nº 204, dotándolo de un gran vestíbulo con doble espacio que muestra a primera vista el orden establecido

Merece mención especial el tratamiento de la fachada en base a la descripción del estado actual y de la oportunidad de aportar en el exterior el sentido unitario con el edificio nº 202, en el que la existencia de balcones, carpintería de madera y herrajes correspondientes de origen a la época de su construcción, requiere la respuesta de sobriedad que se ha dado al edificio, nº 204. Con todo esto pretendemos **unificar, matizar** valores entre ambas fachadas y **marcar** la entrada al conjunto.

En la sociedad plural actual se procura que la Arquitectura rompa las barreras de la antigua sociedad del XVIII, donde proletariado y burguesía se distinguían en sus edificaciones. En nuestro caso Magdalena 204, edificio de cuatro plantas con viviendas de

























alquiler a derecha e izquierda, contrasta con Magdalena 202, de tres plantas de altos techos para una sola familia. La oportunidad de **resolver las barreras arquitectónicas por medio de un gran espacio en tres alturas** donde se ubican escaleras, rampas y ascensor, **nos permite a su vez ampliar dicho espacio con el patio interior**, quedando todo el conjunto perceptible desde la calle Magdalena, consiguiendo una **continuidad espacial** entre la vía pública y los patios de manzana.

La recuperación de todos los pisos de Magdalena 204, nos permite aumentar la capacidad del conjunto en unos 625m2, formados por estancias de diversos tamaños a modo de **oficinas integradas al espacio de comunicaciones , patio, vestíbulo y cafetería.** Se mantiene y mejora el edificio de Magdalena 202 para las funciones que ya tenía, correspondientes a salón de actos, reuniones, exposiciones y biblioteca.

La solución responde a las expectativas del proyecto **aprobado** por el Ayuntamiento en **Diciembre del 2003** y que por distintas razones no fue contratado hasta Junio del 2010 manteniéndose y aceptando una habitual rebaja en la oferta. Si a esto añadimos el deterioro lógico del edificio en esos años, se entiende que **fue necesario un reformado** con aumento de presupuesto que coincidió con el cambio de Corporación Municipal en Mayo del 2011. La aclaración de la situación y un aumento de costo, supuso un retraso de la terminación de la obra prevista en diciembre de 2011.

Hay que decir que la obra no estuvo exenta de polémica, dado que se produjo una denuncia por la retirada de los balcones y galerías de Magdalena 204 y una incomprensión en la mejora del tratamiento de la cubierta. Cambios que requirieron la autorización de la Comisión de Patrimonio.

Al admitirnos el nuevo material de cubierta del edificio Magdalena 204, se consideró razonable hacerlo extensivo al edificio colindante **unificando tejados** y consiguiendo así un mejor mantenimiento en el conjunto de cubiertas.

Dado que para Magdalena 202 solo se contemplaba la limpieza de tejado y reposición de algunas tejas rotas, este nuevo tratamiento implicó a mayores la retirada de la cubierta existente con el correspondiente aumento de tiempo y costo aceptado con poco entusiasmo por la Nueva Corporación.

En este tiempo de materialización de la obra ha surgido un **Foro de opinión** de ciudadanos, políticos, técnicos, etc. Interactuando los que serán extraoficialmente los futuros usuarios del Ateneo, lugar de encuentro y discusión por antonomasia, llenando páginas de nuestra hemeroteca.

En medio, y aprovechando esta tormenta, hemos navegado los técnicos responsables de la obra Alfredo Alcalá y Ramón Montero como Arquitectos, Francisco López como Arquitecto técnico y los Arquitectos colaboradores Ana Martínez , Patricia Figueira y Aníbal Arenas. Entendiendo los poliédricos puntos de vista y tomando buena nota en algunos casos, sin apartarnos de nuestra obligación de cumplir lo determinado en los proyectos aprobados de obra. Con mano tan firme durante los veinticuatro meses de obra que supuso el cambio de la Junta Directiva de nuestro apreciado **Ateneo Ferrolán.**

ANTECEDENTES

Ambas construcciones del **S.XVIII** fueron propiedad de la **familia Carvajal**, siendo Magdalena 202 casa matriz de la familia y Magdalena 204 destinada para alquiler. El último heredero Pedro Carvajal de Castro dona estos bienes a beneficio de los Ferrolanos. En 1902 el Ayuntamiento de Ferrol recibe los edificios de Magdalena aceptando la última voluntad de los Carvajal.

Los juzgados se establecen ocupando ambos edificios entre las décadas 70-80. La construcción de un nuevo edificio para la administración de justicia en la calle de la Coruña permite que estas edificaciones queden libres para ser ocupadas por entidades de servicio público y sin ánimo de lucro. **El Ateneo se ubica** en el primer piso y DYA en el segundo de Magdalena 202, ambos servidos por su entrada y escalera principal en la cuesta de "rompetelalma" de Méndez Núñez. Por otra parte, la sociedad de Ex-alcohólicos se establece solo ocupando la planta baja de Magdalena 204.

En 1983, tras solicitarlo el Ayuntamiento, la Dirección General de Arquitectura del entonces Ministerio de la Vivienda nos encargó la **restauración del edificio Magdalena 202**. Para ello el Ateneo se traspasladó al primer piso del 204 y DYA al segundo y tercero, que se encontraban desocupados, quedando Magdalena 202 libre para la intervención.

En el edificio burgués se hace una respetuosa restauración integral, suprimiendo las tabiquerías de las plantas nobles, primera y segunda, y utilizándose las zonas de servicio en planta baja y desván. Se emplea un delicado tratamiento de materiales y sistemas, restituyendo todos los elementos a su aspecto primitiv, llegando a la reproducción mimética de rejerías de cierre y balcones, suprimiendo las galerías del siglo XIX que se habían colocado, con escaso acierto, en la fachada de Méndez Núñez.













Finalmente en **1985 se rematan las obras y el Ateneo consigue una utilización total de unos 500m2**. En planta baja se dispone el salón de actos y en las dos plantas principales salas reunión y exposiciones. El edificio se culmina con una luminosa biblioteca en el antiguo desván.

Otras intervenciones parciales se han llevado a cabo, como la realizada por el Arquitecto ferrolano Francisco Iglesias Miño, que supuso el adecentamiento del portal del inmueble de Magdalena 204 hasta el primer piso, dignificando el acceso y dotando al Ateneo de la planta primera y servicios sanitarios.





En los años 90, a petición del Ateneo, nos fue encargado por la Concejalía de Urbanismo del Ayuntamiento un proyecto de restauración para trámite ante la Comunidad Europea, a fin de obtener las correspondientes ayudas. Aunque el trabajo no llegó a feliz término, sirvió de base para el proyecto de las obras ejecutadas que estamos describiendo.

Con estas últimas obras **el Ateneo podrá ampliar una vez más su capacidad física y de aporte cultural** para un **mayor enriquecimiento de la ciudadanía Ferrolana**, que puede disfrutar con una superficie mayor de manifestaciones artísticas, exposiciones, debates, conferencias, informática, servicio de biblioteca y de la apreciada hemeroteca digitalizada.

Los trabajos materializan, cien años después, la voluntad reflejada en **la donación** del Legado de Carvajal, convirtiendo el edificio en un foco de divulgación cultural de las actividades gestionadas por el Ateneo para **uso y disfrute de los ciudadanos de Ferrol.**

DAQUELES PRIMEIROS DIAS DO ATENEO

POR FERNANDO ÁLVAREZ

1

Un lugar de encontro no que viñeran encarreirarse as actividades promovidas polas distintas asociacions culturais da cidade de Ferrol, ista foi a miña primeira intención cando presentei o proxecto do Ateneo Ferrolán a meus amigos. Tiñamos moitos anos de experiencia e sabiamos ben onde estaban os puntos febles. Curiosamente, nunca foi o financiamento un asunto que nos preocupase especialmente. Xamais recibiramos subvencions para desenvolver as nosas actividades, levadas a cabo coas aportacions dun grupo numeroso de persoas, a maioria traballadores de Astano. Propoñiamos un proxecto e, unha vez aceptado, financiábase anticipadamente. A credibilidade foi factor determinante do éxito.

O espazo físico para levar a cabo as actividades, un auditorio, si era un obxectivo importante. As proxecions cinematográficas, as representacions teatrais, as conferencias ou os concertos de música clásica (varios dos fundadores do Ateneo fomos directivos da Sociedade Filarmónica), dependían da comprensión e xenerosidade dos responsables de distintos centros (o Instituto Masculino, o Círculo de Santa Mariña, a Escola de Peritos, o colexio de Santa Xoana de Lestonnac, o teatro Jofre, o Cinema, incluso a Domus Eclesiae). Ademais, estaban as xuntanzas, as charlas de pequenas concorrencias, as imaxinativas conspiracions políticas, e o desexo de crear a nosa propia biblioteca. O primeiro paso foi o pisiño do número oitenta e ún da rúa do sol, un lugar axeitado para un matrimonio novo e sen fillos, mais difícilmente identificable como punto de encontro dos mil trescentos socios que acadamos na nosa primeira andaina. Moi cedo comezaron a poñerse enriba da mesa proxectos concretos (lembro os de Juan Pérez López de Gamarra e Xan Luís Dalda), que avivaron as nosas esperanzas.

As actividades que levamos adiante naqueles anos foron o resultado da violenta explosión da nosa tolemia. Estaba a morrer unha ditadura que se nos caeu encima durante case corenta anos, e tiñamos presa por recuperar o tempo perdido, abrindo as fiestras aos valores democráticos. A política marcaba o pulo do momento, non recoñecelo sería estúpido. Todas as actividades, incluso as de máis dubidosa lectura política, como puidera ser a música clásica, estaban sinaladas por esta paixón latente. A conferencia inaugural pronunciouna Eduardo Blanco Amor, que falou sobre "Cabanillas na literatura galega hoxe", cunha chea do auditorio do instituto feminino. Raul Morodo, Beiras, Ruiz Jiménez e outros políticos relevantes daquel momento



pasaron pola nosa cidade para expoñer os seus proxectos. A conferencia que levaba por título "La soberanía popular en la España de mañana", que ía pronunciar Ramón Tamames, foi a derradeira prohibición dos negociados de Orde Pública do postfranquismo con data 6 de outubro de 1976. A noticia fíxose pública a través de Radio París, antes de que nos fose comunicada a suspensión aos solicitantes. En xaneiro de

2

1977, o escritor Antonio Gala envioume unha carta pedindo disculpas por non poder aceptar a invitación para pronunciar unha conferencia na nosa cidade, debido ás graves circunstancias do momento (estaba ameazado de morte polos grupos feixistas). Tempos difíciles, que explican comportamentos inexplicabeis.

A Caterva de Xixón, o TEU e o Ditirambo de Madrid, xunto con outros grupos de recoñecido prestixio, puxeron diversas obras teatrais en escena (Instituto Feminino e Lestonnac). A orquestra da Coruña, acompañada da Coral Polifónica El Eco e a Escolanía da parroquia de Santiago, xunto con tres cantantes británicos, ofrecéronos o Carmina Burana de Carl Orff na concatedral de San Xulián. Celebráronse igualmente concertos de orquestras de cámara no Jofre e a igrexa do Socorro, recitais de guitarra (Patrick Gaudí) na Escola de Peritos, o concerto multitudinario do grupo chileno "Inti-Illimani" na Feira de Mostras, etc.

As actividades cinematográficas pasaron a segundo plano (eran outras as prioridades); con todo, fixerónse as difíciles proxecións das películas de Eisenstein, "O acorazado Potemkin" e "Octubre", que foron unha peregrinaxe de xente procedente de diversos lugares de Galicia.

Áinda que tiñamos un pequeno local, comezamos a facer a nosa propia biblioteca. En xulio do 77, a Fundación Barrié agasallounos sesenta e cinco mil pesetas en libros. Coido que esta foi a primeira axuda institucional que recibimos nos dez anos que algúns de nós levabamos metidos en tales liortas.

"Polo rexurdimento da cultura popular" foi o lema elixido naquel momento. "O Ateneo, un lugar de encontró", lema intelixentemente usado hoxe en día, sería máis acertado; entre outras razóns, porque é un erro establecer fronteiras entre unhas manifestacions culturais e outras: a música de Mozart, o teatro de Chejov, a pintura de




Tiziano e as novelas de Dickens son tan revolucionarias e desexables para as clases obreiras coma poda selo o cine de Eisenstein. Falamos de cumios na creación artística, non de outra cousa. Culpemos á tolemia daquel momento dos nosos erros. É probable que fose este planeamento equivocado o que impediu que a Sociedade Filarmónica se implicase no noso proxecto, tamén que levaramos adiante actuacións coma a publicación dun fermoso libro sobre Bello Piñeiro. Contactaramos cos propietarios das obras do famoso pintor, fixeramos case a totalidade das fotografías (o presidente do Casino autorizounos a desmontar a araña da peceira para que Chisco e Alberto Cadorniga puideran fotografíala nunha noite), Mario Couceiro, Ricardo Segura e outros amigos estaban preparando os textos do libro, cando, inesperadamente, unha tarde de tolería, decidíuse que a obra de Bello Piñeiro non entraba no catálogo da chamada cultura popular.
Compre lembrar con agarimo e agradecemento a todos os amigos que tiveron a xenerosidade de participar nos proxectos culturais daqueles tempos:

3

Os que mantiveron vivas as iniciativas impulsadas no Instituto de don Victorino: José Torregrosa e José Luis Sánchez (falar da xente do Teatro Estudio debe ser obxecto doutra análise).
Os que compartiron comigo etapas anteriores e decidiron non participar no proxecto do Ateneo: Marina López, Andrés Crespo, Carlos Rodríguez Pita, Xosé Luis Serantes, Cuco Ruiz de Cortazar, Pilar Gavira, Celestino Ledo, Javier Orduna e Armando Cossío.
Os que participaron na fase de elaboración dos Estatutos do Ateneo e non se incorporaron a Xunta Directiva da sociedade: Francisco Varela, Xosé Benito Varela, Cristóbal Manso, Julio Pérez López de Gamarra e Manuel Garaizabal.
Os que estiveron nos tempos dos cine-clubs e decidiron aventurarse comigo na etapa seguinte, formando parte da primeira Xunta Directiva do Ateneo: Guillermo Llorca, Bernardo García Cendán, Bernardo Castelo, Javier Díaz e José Angel Pol.
As restantes persoas que viñeron integrarse na primeira Xunta Directiva do Ateneo: Jorge Llorca, Manuel Couce, Fernando Bores, José Antonio Hernán, Mª Victoria García Quián, Jesús Bescos, Libertad Barcia, Natalia Lamas, Ángel Llera, Luis Yusti e Germán Castro.
Eran tempos de política, xa o dixen. As persoas que levaramos adiante actividades culturais nos anos sesenta e setenta xa non eramos necesarios. Os proxectos culturais decidíanse nos despachos dos políticos ou das fundacións promovidas polas entidades financeiras. Fin de ciclo.

En Ferrol, no primeiro de xunio do ano doce



POR NATALIA LAMAS VÁZQUEZ

Recuerdo mis años al frente del Ateneo ferrolano como una de las épocas más estimulantes, desde todos los puntos de vista, para la primera -y única mujer hasta la fecha-, que se hizo cargo de su presidencia. Supuso para mí a la vez un alto honor y un reto mayúsculo, pero como siempre había que comprometerse, y yo no iba a desperdiciar la oportunidad única de colaborar en el desarrollo humanístico y social de una ciudad que me ha sido siempre tan querida. Eran tiempos muy difíciles, en plena efervescencia de la Transición, y había que aportar lo que humildemente se pudiera desde cualquier posición pública que se ocupara. En mi caso, intenté, por una parte, y siendo siempre fiel a mis principios, contribuir a que Ferrol se abriera aún más a la cultura del momento, propiciando la celebración de conciertos que en algunos casos sirvieron para llamar la atención sobre la obra de compositores gallegos que aún permanecían ignorados, junto a nuestros intérpretes, a los que siempre defendí.

Y por otra, quise propiciar y promover el diálogo entre las distintas sensibilidades sociales y políticas para facilitar el entendimiento, la concordia y los consensos, tan importantes en una época que supuso el inicio de la modernidad con la consolidación de la democracia. En ese sentido, añoro con cierta nostalgia aquellas jornadas consagradas a debatir con los ponentes, los propios padres de la Constitución -algunos de los cuales desfilaron por el Ateneo-, los principios del nuevo marco democrático, lo que para algunos supuso el descubrimiento de la libertad. Y digo que lo añoro porque siendo aquellos tiempos tan complicados, creo que con aquellas iniciativas logramos sembrar las bases de una paz duradera, que ahora amenaza con resquebrajarse en una nueva factura por falta de un mayor entendimiento entre todas nuestras fuerzas representativas: es necesario retomar el espíritu de aquel Ateneo, inspirarse en sus principios para superar ahora los nuevos desafíos extremos ante los que vuelve a situarnos la historia. Ojalá que el diálogo volviera a iluminarnos ahora para encontrar nuevas soluciones a nuestro desarrollo, como nosotros hicimos en el pasado.

UNA ETAPA APASIONANTE

POR ÁNGEL TEIJEIRO FRAGA

Después de más de treinta años, recordar el camino recorrido al frente del Ateneo Ferrolán es volver, sin duda, a otros tiempos, a otras ilusiones y a unas nuevas esperanzas.

Estábamos creando un estado democrático por el que llevábamos tanto esperando. El Ateneo estaba ahí. Un grupo de progresistas de todos los pelajes habían iniciado en Ferrol un camino hacia una renovación cultural irreversible. Desde el año 75 del pasado siglo, Fernando Álvarez, Natalia Lamas y Xaime Quintanilla habían puesto las bases de una forma nueva de hacer cultura en democracia. En el 80 nos tocó a nosotros tomar el relevo. Y digo nosotros porque la sensación que hoy tengo es que no era el presidente, sino miembro de un grupo dispar en el que participaba la sociedad ferrolana a través de sus pujantes asociaciones, los partidos políticos y los "intelectuales" vinculados fundamentalmente a la enseñanza.

La práctica diaria era la larga discusión sobre qué era la cultura, lo que le interesaba al pueblo, quiénes la representaban. A veces se prolongaba en encuentros culinarios, sin prisas. Desde diversas perspectivas. Seco, Varela, Braxe, Bouzón, Dobarro, Xan Ramírez, Roberto Casteleiro…

Tomadas las decisiones comenzaba una segunda fase. Mera, el vicepresidente empujaba y yo, el presidente ejecutaba. Y al final las cosas no salían del todo mal.
Los objetivos básicos se centraban:
- **Conseguir una sede digna** que sustituyera al entrañable local de la calle María. Lo conseguimos con la cesión del edificio de los antiguos juzgados en la calle Magdalena. El peregrinaje por los distintos proveedores, posibles benefactores y entidades en general nos permitió iniciar una primera rehabilitación generosamente proyectada y dirigida por Paco Iglesias. Solicitamos la subvención del Ministerio de Cultura.
-**La memoria histórica** con diversos ciclos:

·*La Cuestión nacional* en la que participaron Elorza, Benet, Jiménez Blanco,
·*Azaña, su tiempo y su obra literaria* con Giral y Gabriel y Galán.
·*Recuperación da nosa historia* Concepción Arenal con José Seoane.
·*La historia de Galicia* con Gerard Brey y Bernardo Máiz.
·*La generación Nos* con Fernández del Riego.
·*Sembrando a Rosalía* con Marina Mayoral entre otros.
·*El Ejército en la República* con el General Salas Larrazabal.
·*Crecimiento y crisis del naval en el S.XIX* con Fernando Urgorri y José Merino.
·*La masonería* con Ferrer Benimelli.

-Homenajes:
A *Tuñón de Lara*, con su presencia en la ciudad y varias actividades relacionadas. A *Rafael Dieste*, que nos acompañó varios días con su mujer Carmen Muñoz para preparar el estreno de su obra de teatro "O cabaliño de axedrez" dirigido por Eva Ocampo e interpretado por alumnos del Instituto. A *Margarita Xirgú*. A *León Felipe* con las aportaciones de los poetas Jiménez Martos y Manrique de Lara. A *Torrente Ballester* que pronunció su conferencia "Ferrol me fecit". A *Dieste, Seoane* y *Lorenzo Varela*, que convocó en Ferrol a toda la intelectualidad gallega desde Díaz Pardo a García Sabell.

-Temas políticos y sociales:
·*La enseñanza a debate* con Marta Mata del Instituto Rosa Sensat y Gómez Llorente entre otros especialistas.
·*Feminismo y sexualidad* con la psicóloga Genoveva Rojo.
·*La mujer desde el 36* por Impar Pineda.
·*El divorcio, El voto femenino…*

-La realidad gallega:
La Autonomía a debate con la participación de Ramón Piñeiro, Manteiga Pedrares, Carlos Barros y Francisco Vázquez, *O Galego no Ensino, O Galeguismo como Ética* con Manteiga.

-La realidad local:
Ferrol y la cultura con Seoane, Villasante, Mario Couceiro, Llorca. *La gestión Municipal a debate. Plan de reordenación urbana con* Dalda.

-Las artes:
·Pintura: Exposiciones de grabados de *Miró, Picasso, Seoane, José Guadalupe* en colaboración con la Embajada de Méjico, *Vangardas históricas de Galicia, Mostra de pintores Galegos.*
·Música: Concierto de piano de *Manis Wakaleris*, Estreno de obra de *Rogelio Groba*, Recitales de *Luis Llach, Olga Manzano* y *Manuel Picón*, el *Indio Fernández…*
·Cine: ciclos en el Instituto Masculino, Cinema y Rena.

A todo esto tendríamos que añadir el trabajo que hicimos para conseguir la Hemeroteca del Ateneo donde pueden consultarse todos estos eventos, la publicación de los Cuadernos del Ateneo con dos realmente significativos, el homenaje a Dieste, Seoane y Lorenzo Varela con artículos de María Zambrano y Sánchez Barbudo, por ejemplo, y la reedición de "O fardel do exilado" de Seoane. En esta etapa también tuvimos la oportunidad de entregarle a la ciudad la escultura "Los toros ibéricos" de Alberto Sánchez donada al Ateneo. En esta ocasión colaboró el artista ferrolano Guillermo Feal.

Al llegar aquí, soy el primer sorprendido de lo que está escrito anteriormente. Y tengo que volver a la primera reflexión, No sería posible hacer lo que he descrito si no hubiese un equipo de gente comprometida con un proyecto que no era de nadie, sino de todos y que se llevó a cabo con una generosidad intelectual y política exquisita. Por no contaminarla con mi notoria militancia al ser elegido diputado socialista, dimití como presidente de uno de los proyectos culturales más importantes de Galicia. El camino sigue. Acertaron los que nos siguieron y deseo que en la nueva etapa el referente Ateneo Ferrolán siga siendo una marca de calidad social y cultural.

DEL PORVENIR AL PASADO IMAGINANDO UN NUEVO FUTURO

POR FERNANDO MÁRQUEZ GALLEGO

Responde este pequeño artículo a una petición de la actual J.Directiva del Ateneo Ferrolán sobre alguna de las vivencias y reflexiones de una etapa , mediados los años 80 , de la larga historia de un Ateneo que ya conoce dos siglos.

Hablamos de un contexto de crisis económica , social y política en una recién alumbrada democracia. Crisis de una enorme dureza , bajo la sombra de un término que se convirtió en dramático y generó años de incertidumbre y sufrimiento en Ferrolterra.

El espacio y el tiempo disponibles me obligan a elegir entre muchas dimensiones y vivencias de aquélla intensa , difícil y apasionante singladura . Me decido por tres de aquéllas que como anuncia el título conectan ese eslabón de la cadena histórica del Ateneo con el momento actual , también de crisis , de incertidumbre , de sufrimiento pero sin duda de movilización ciudadana y de búsqueda de alternativas.

Entonces , como siempre , fue el Ateneo lugar de encuentro , de debate ciudadano , un lugar para la cultura . Recuerdo con respeto y agradecimiento a una junta directiva comprometida con el ateneo que representaba un amplísimo abanico de ideas , expectativas y proyectos orientados a promover progreso y cultura con participación ciudadana . Participación que estuvo presente a través de la cooperación activa de numerosos socios y de ciudadanos e instituciones de Ferrol que siempre estuvieron dispuestos y disponibles para ayudar al Ateneo.

Entonces , como siempre , recordando a I. Newton quisimos " ver más lejos a hombros de gigantes " , intentando seguir la senda de tradición renovada y cambio que habían transitado con fuerte compromiso y voluntad de mejora , las directivas y ateneístas que nos habían precedido.

En esa senda se inscribe uno de los momentos más relevantes de esa etapa que quiero resaltar porque contiene una enorme carga simbólica y es, en mi opinión , magnífica metáfora de ese esfuerzo colectivo , de esa antorcha que pasa de unas manos a otras , para entregarlo , en el devenir vivo y democrático de las instituciones como el Ateneo , a quienes han de realizar el próximo relevo.

El momento elegido , quiere conectar directamente con el actual .

Momento de enorme carga simbólica como fue la inauguración del histórico edificio rehabilitado , con especial cuidado, tras larguísima y esforzadas andadura de directivas anteriores , de la calle Magdalena 202-204 , sin cuyas gestiones no hubiera sido posible su recuperación para el patrimonio de la ciudad y que fue cedido por el Ayuntamiento de Ferrol al Ateneo para asegurar un lugar para un proyecto cultural imprescindible.

Entre los magníficos y brillantes actos inaugurales de la nueva etapa , elijo , por su carácter

especialmente emblemático , la divulgación de " Cuadernos " do Ateneo Ferrolán , fruto del esfuerzo de la directiva anterior presidida por A. Teijeiro .
Dicha publicación , dirigida porXosé A. Ponte Far que también coordinó con la nueva directiva la " Presentación do Cuaderno Ateneo " y un recital poético IN MEMORIAM a Lorenzo Varela , Luis Seoane y Rafael Dieste , en un emotivo y hermoso acto al que asistieron Maruja Fernández de Seoane y Carmen Muñoz de Dieste . En torno a este homenaje , de forma presencial o escrita , se encontraron extraordinarias personalidades de la cultura gallega , española y universal . De María Zambrano y J.A.Valente a Francisco Ayala y Rafael Alberti . De Isaac Díaz Pardo a Filgueira Valverde. De F. Fernández de Riego Marino Dónega o García Sabell … y muchos otros e instituciones se sumaron al homenaje. Dicho acto tuvo lugar en el Aula de Cultura de aquella Caixa de Galicia que siempre acogió y apoyó con generosidad al Ateneo .

Estos tres momentos han sido elegidos entre muchos : Proyecto colectivo y plural de ciudadanos por el progreso y la cultura , tradición renovada y cambio engarzando el Ateneo de hoy con la historia del Ferrol democrático ,y , la memoria viva de lo mejor de nuestra historia encarnada en las extraordinarias e inolvidables figuras de Varela , Seoane y Dieste .

Quiero terminar esta líneas con sus versos del programa " in memoriam ". Versos, como siempre, hermosos y potentes como el discurso ético de su vida y de sus obras, imaginando un nuevo futuro para este Ateneo que debe seguir portando la antorcha de la cultura para todos…

"Empecinadamente me mantengo
Sobre la adversidad y la victoria.
Casa y mujer y hasta heredades tengo
Ni busco paga ni pretendo gloria.
Lorenzo Varela

No me verás triste
Sino maravillado,
En barco de nacer
Y morir, embarcado.
Rafael Dieste

Trátase de trocar Galicia, e si se pode ainda outra
Parte do mundo,
Para facela xusta e xenerosa como todol-a soñamos.
Luis Seoane

POR JESÚS PORTA DOVALO

Recuerdo que siendo abogado de Comisiones Obreras, dos directivos del Ateneo, Jesús Bescos y Amador Estevez (Doro), vinieron a la sede del sindicato a ofrecerme liderar una Junta Directiva que diera un vuelco a la forma de gobernar la Entidad Ferrolana. En aquellas fechas se vivía una división entre carrillistas y gerardistas, seguidores del Secretario General de PC que sustituía a Santiago Carrillo, y que una vez en el cargo no fue del agrado del sector carrillista. En Ferrol también se vivió esa pugna. Y así me vi yo, en el medio, aupado por el dirigente de CCOO en Ferrol, Riobó y mi compañero Manolo Nadales, frente a un sector más inmovilista del Partido Comunista Gallego, asociado para perpetuarse en el Ateneo, en esa ocasión de la mano del Partido Socialista Gallego en Ferrol, que lideraba el Alcalde Quintanilla. Éste, al frente de la oposición a mi candidatura, se convirtió después, en un gran valedor del Ateneo.

En una multitudinaria y tumultuosa asamblea la directiva que yo encabezaba vence en las elecciones, lo que supuso la derrota de la "vieja guardia", que hay que reconocer que hasta poco tiempo antes hicieron su labor para arraigar en Ferrol la sociedad atenista, pero se anclaron en unas prácticas alejadas del sentir mayoritario del Ateneo y de la sociedad ferrolana, abierta claramente a todas las sensibilidades de la ciudad.

Con el apoyo de la gran mayoría de los socios, tanto afines como contrarios a nuestra candidatura, empezamos una labor de cambio. El trabajo de los directivos fue tremendo. Se trabajaba todas las horas posibles en una labor de militancia cultural que, pronto, dio sus frutos.

Fueron muchas las actividades y acontecimientos que hicieron que el Ateneo Ferrolán fuera una referencia en el ámbito cultural y social de Galicia, y que es imposible enumerar aquí. Pero el Ateneo destacaba por su planteamiento vanguardista que hizo que en nuestra sede tuviesen cabida escultores, cantautores, actores, músicos, pintores; conocidos y consagrados y desconocidos que hoy pululan en la cúspide de todas las manifestaciones culturales, y que tuvieron en nuestros locales su espacio.

Entre dos grandes presidentes y personas como Fernando Márquez y Guillermo Llorca, un grupo de directivos, hoy buenos amigos, logramos consolidar un lugar para la cultura en Ferrol.

Por ello y dentro de un amplio grupo de colaboradores tengo que expresar aquí un

reconocimiento a estos directivos:
Doro, Jesús Bescos, Cheché Paz, Mabel Rivera, Luciano Fernández, Paco Oti, Carlos Prado, Alberto Prado, Xan Ramírez, Manoli Manso, Elvira Fernández, Lili Cervera, Isabel Guijarro, Antonio Peña, Ana Díaz, Roibás, Gonzalo Rodríguez, Mercedes del Real, Manolo García, Valentín Redondo, Jaime Meilan y otros entregan sus ideas, sus esfuerzos y su tiempo al crecimiento del Ateneo.
La consecución de la reforma integral del edificio del Ateneo, la biblioteca, la hemeroteca con la donación de todos los ejemplares del desaparecido Ferrol Diario, la creación de una jazzband, los conciertos: Lluis Llach, Olga Manzano y Manuel Picón, Silvio Rodríguez, etc. Los Xoves teatráis, talleres de lectura, el cine, las exposiciones, las conferencias, la arqueología, la creación de un fondo artístico patrimonial, etc., etc.
Con el apoyo de las instituciones y el trabajo desinteresado de los directivos, la colaboración de decenas de artistas, intelectuales profesionales, etc., conseguimos impregnar a Ferrol de ambiente cultural. La hemeroteca de la época así lo atestigua.
Durante nuestro mandato y con las aportaciones de los socios se costearon las obras de rehabilitación del edificio del Ateneo, inaugurado en 1986. Esa obra pertenece al Ateneo y no puede ni debe el Concello de Ferrol sustraerla a quien debe reconocerle como titular.
Pero hoy, el mandato municipal y autonómico de una derecha cerril nos quiere volver a situar en las "cavernas". Pero estos desaparecerán sin lograr dejar estéril el terreno cultural.
Por el contrario el Ateneo, la cultura progresista y de vanguardia perdurarán más allá de las inútiles vidas sociales de los que pretenden acallar la voz de la cultura y terminar con una labor iniciada el siglo pasado y a la que mucha gente, desinteresadamente, entregó parte de su tiempo y de su economía.

O ATENEO NA LEMBRANZA

POR GUILLERMO LLORCA FREIRE

Para Bernardo García Cendán "in memoriam"

Resumir nestas poucas liñas unha experiencia colectiva na que participei dende 1976, cando fundamos o Ateneo Ferrolán, ata 1989, cando deixei a súa presidencia, é unha tarefa ben dificultosa. Despois de tantos anos transcorridos só podo dicir que foi un auténtico privilexio poder colaborar na recuperación dunha das máis importantes asociacións culturais da cidade. A que xermolaba nesta cuarta xeira, co lema Polo rexurdimento da cultural popular, era herdeira do primeiro Ateneo de 1879 e continuadora do esmagado Ateneo da II República, vítima da represión franquista. O mérito desta feliz iniciativa correspondíalle a Fernando Álvarez, que foi o seu primeiro presidente, pero foron moitas as persoas que fixeron posible que esta prestixiosa sociedade cultural chegase ata os nosos días despois de trinta e seis anos transcorridos dende a súa recuperación.



Primeira directiva do Ateneo Ferrolán no salón de actos da Domus Ecclesiae

Como historiador non podo deixar de lembrar o contexto histórico no que o Ateneo comezaba a súa andaina. Nacía sen un peso, aportando cada un dos fundadores mil pesetas. Demos os primeiros pasos case clandestinamente na Domus Ecclesiae, grazas ás xestións do crego Bernardo García Cendán – un dos directivos e a quen van dedicadas estas palabras coma homenaxe, despois do seu recente falecemento. Daquela os sectores máis conservadores da cidade mirábannos con desconfianza ou con desprezo, e non había nin Constitución, nin partidos políticos e todos os socios fundadores estabamos fichados pola Policía, por iso foron moitos os atrancos que tivemos que superar ata presentar a nosa solicitude de legalización diante do Ministerio de Gobernación, e que foi, finalmente, recoñecida o 25 de xuño de 1976.
A memoria da dinamización cultural que supuxo a chegada do Ateneo e do enorme patrimonio que representa ata os nosos días gárdase na súa Hemeroteca, por certo, convertida na actualidade nunha das máis importantes de toda Galicia. Por iso quero reservar estas últimas ringleiras para falar da miña propia experiencia como ateneísta. Supuxo un enorme enriquecemento persoal vivir en primeira liña unha dinámica de grande efervescencia e que me permitiu conversar con numerosas personalidades do mundo cultural e político, que daquela nunca pasara polo meu maxín que chegaría a coñecer. Por citar a primeira delas, a sesión inaugural do Ateneo cunha conferencia do escritor Eduardo Blanco Amor, nun ateigado salón de actos do por entón chamado Instituto feminino. Logo seguiron moitas máis e en todas elas puiden gozar doutra faciana dos conferenciantes despois de que remataran a súa disertación diante do auditorio. Sen micrófonos e en ceas que se prolongaban ata as altas horas da noite coñecín, para ben e para mal, a auténtica dimensión humana de moitos personaxes. Tamén tomei madurez política e curei das inxenuidades estudantís da miña época en Santiago cando entrei na dinámica interna do Ateneo, nun tempo en que a efervescencia política da Transición latexaba sobre unhas directivas enormemente plurais, onde estabamos dende independentes ata representantes de partidos políticos de esquerda, asociacións cidadáns e organizacións feministas.



Cea de directivos con Blanco Amor

Por todo iso e moito máis que daría para un libro, aínda hoxe cobra pleno sentido un artigo que publiquei nas páxinas de *La Voz de Galicia*, o 19 de xuño de 1983, e que levaba por titulo: *El Ateneo: un ejemplo de voluntad colectiva*, porque sen ese enorme e xeneroso esforzo colectivo, non chegaríamos hoxe a celebrar a magnífica sede que estamos a inaugurar como *Un lugar de encontro para a cultura*, tal como proclamamos hai trinta e seis anos, cando este soño comezaba a agromar.



ATENEO, APERTURA E CAMBIO

POR ÁLVARO ESPILLA

Transcorría o ano 1989. Un grupo de persoas pedíronme, de forma reiterada, que me fixese cargo do Ateneo. Aínda que, en principio, rexeitei a idea, rematei aceptando. O meu proxecto consistía, como é lóxico, en seguir a manter os principios relativos ao compromiso cultural e social do Ateneo, pero abríndoo a toda a sociedade, xa que percibimos que nalgúns sectores había certo rexeite, que se traducía en receos para asistir aos actos culturais organizados pola entidade.

Non tiven inconveniente en conformar, por consenso, unha Xunta Directiva con persoas ás que non coñecía, a maioría… En todo caso, o paso do tempo e os feitos demostraron que case todos os integrantes desta Xunta traballaron intensamente e con acerto.

A primeira dificultade que tivemos de encarar tiña relación coa situación económica, moi precaria, aínda que había arredor de 1350 socios. De seguido viñan reclamármonos a liquidación de facturas. Facer fronte a este problema converteuse na nosa primeira prioridade e grazas á resposta positiva do Concello, Deputación e Xunta, concedéndonos subvencións, conseguimos resolvelo.

Ata aquela, todo se fixera con voluntarismo e escaso rigor, polo que pensamos que algúns traballos había que profesionalizalos; por exemplo, o control da xestión económica, da que se encargou a economista e tesoureira Margarita Orduna, que por riba doutras importantes achegas, dedicouse, tamén, a implantar un axeitado e racional traballo informático e unha eficaz organización da secretaría.

Desde o primeiro momento tentamos que o Ateneo fose de todos, ademais de promover e estreitar relacións coas entidades e asociacións da cidade, pero ese noso empeño topouse, dende un principio, coas reticencias dos que se consideraban seus "donos", ben porque dicían que lle dedicaran moito traballo, ou, ao parecer, por "dereito histórico". Considerábanse os gardiáns das esencias da institución. Na contorna había un grupo de persoas que pensaban que todo tiña que pasar por eles, que eran eles os que tiñan que decidir ou dar o visto bo. Ao pouco de tomar posesión do cargo, unha persoa achegóuseme e díxome: "¿ pero como non nos dixeches nada de que viñas ao Ateneo?". Quedei perplexo. Logo, continuou: "Bo, como es ti... Pero nolo debías dicir".



En canto á programación cultural, propuxémonos, ademais dos actos que se viñan organizando habitualmente, convidar a persoas destacadas do mundo da cultura, comezando na inauguración cunha conferencia de Ian Gibson "James Joyce e España". Despois, ao longo do curso, visitáronos outros importantes conferenciantes, tanto galegos como de fóra da Comunidade. Organizamos múltiples exposicións de pintura e debuxo, táboas redondas, xornadas da natureza, ciclos de diversas actividades e cursiños varios. Tamén lle dedicamos unha grande atención á Biblioteca. Nese exercicio, o número de asistentes a todos estes actos superou as 12000 persoas.

Ao tempo que traballabamos na programación, dúas persoas da directiva dedicáronse durante moitas xornadas a buscar, clasificar e catalogar todo o que había nos fondos do Ateneo, labor arduo e pesado, que realizaron exemplarmente e nunca antes se abordara.

O traballo e a programación desenvolvíanse satisfactoriamente, pero nos atopabamos de continuo coas críticas dalgunhas persoas en desacordo co labor independente que realizabamos, porque non tiñan a influencia á que estaban afeitos. Algunhas desas persoas querían utilizar o Ateneo como se fose seu couto pechado.

Os acontecementos que sobreviñeron a posteriori, demostráronos que existía un grupo de xente con moito interese e urxencia por rexer os destinos do Ateneo, para así poder utilizalo ao seu antollo. A influencia deste grupo, tamén axudado desde o exterior, foi minando a parte da directiva ata que se produciu a división da mesma... Esa parte da directiva dimitiu, e, co presidente, quedaron os restantes membros. Finalmente, o 13 de setembro de 1990, logo dunha desagradable asemblea, na que non todo o mundo se comportou con corrección, decidín, conxuntamente cos directivos que continuaban comigo, que desenvolveran un extraordinario traballo, Alfonso Flórez, Marcelino Ladra, Andrés Lamas, Margarita Orduna e Carlos Piñeiro (amigos aos que sempre agradecerei o seu apoio e solidariedade), presentar a dimisión.

Por suposto, asumo todos os erros e equivocacións que puidese cometer, aínda que penso e estou certo de que, en xeral, o noso labor foi moi positivo, ao tempo que iniciamos a apertura e cambio que nos propuxéramos ao facérmonos cargo do Ateneo e, ademais, deixando a entidade perfectamente organizada, totalmente saneada e con superavit.

Por último, quero manifestar que, a pesar dalgúns incomodos, considero que o meu paso polo Ateneo foi unha experiencia interesante, porque me deu a oportunidade de acadar un meirande coñecemento da nosa cidade e, sobre todo, significou a posibilidade de presidir unha histórica e importante entidade como é o Ateneo Ferrolán.

ARTIGOS EXPRESIDENTES DO ATENEO 50

POR LUIS CALVO TEIJO



O meu acceso á presidencia do Ateneo Ferrolán veu avaliado polo miña participación no último ano da directiva de Suso Porta, xa nos actuais locais do antigo xulgado e a continuación na directiva de Guillermo Llorca (1987-1989). A partires de 1990, como presidente ata o 95 que pasei á vicepresidencia, máis acorde coas miñas xestións e carácter, onde estiven varios anos con Eliseo Zaera como presidente.

Desde o comezo da miña implicación no Ateneo tiven unha teima como é a necesidade de ter unha señas de identidade que marcaran o seu camiñar dentro das súas características e definición xeral de promover a cultura a través da arte, a música, teatro, artesanía..., algo que recollíase no seu lema: "Un lugar de Encontro para a Cultura".

O mesmo plasmouse durante anos na súa política de portas abertas e participación, recollendo todas as inquedanzas da sociedade que tiñan no Ateneo esa tribuna e caixa de resonancia, desde as iniciativas propias ata ofrecer as instalacións a todas as organizacións que non dispuxeran da ventaxa de ter un local para facer as súas actividades, todo dun xeito solidario e, por suposto gratuíto. Só a modo de exemplo a presencia no seu tempo, do grupo "Chorima", Amigos da Poesía, con Mariña Carballal de presidenta, que utilizaban o Ateneo como local social e para as súas lecturas. O único compromiso era organizar de cando en vez algún recital de poesía.

Desa procura de señas de identidade quedou constancia por medio de actividades das cales a día de hoxe téñome que sentir satisfeito, consciente iso si, moi agradecido coas persoas que tiven a sorte de dirixir pois tiñamos moi claros os obxectivos.

Orgulloso, sobre todo por aquelas que aínda perduran como o Certame de Fotografía de Medio Ambiente e Constantino Bellón, iniciadas no 90, mostras vivas desa teima; non así doutras que foron quedando no camiño ao longo dos últimos anos e, polo futuro que semella agardarlle ao Ateneo teñen difícil supervivencia. Hai pouco espacio para falar pero tentarémolo.

Unha das miñas primeiras experiencias foi co teatro pois a celebración no Ateneo, do I Encontro de Teatro Profesional Galego, en tempos de Suso Porta, serviu para recuperar

esta actividade en Ferrol por medio da celebración posterior dos Xoves Teatrais, que levou o Ateneo varios anos, ata a súa asunción por parte do Concello de Ferrol, con Bonifacio Borreiros. Este logro serviu para tentar facelo propio co teatro infantil que xestionamos varios anos por medio da convocatoria e celebración dun Certame cos colexios de toda a comarca, a día de hoxe penso que sen continuidade.

No apartado das artes plásticas a tentativa foi a apertura da sala de exposicións, durante todo o ano, a artistas consagrados de Galicia e toda España, así como noveles chegando a máis dunha ducia de exposicións anuais, falan do compromiso do Ateneo. Unha tentativa que durou poucos anos, dirixida a artistas novos, o Certame Feitura (Artes Plásticas, Imaxe e Artesanía) e doutra iniciativa con meirande éxito, o Homenaxe a un Pintor Ferrolán que comezou co desaparecido Villaamil, e seguiría no Torrente Ballester, xa en colaboración co concello. Penso que o actual Certame de Curtametraxes é unha boa continuidade, do cal alédome, daqueles primeiros intentos que supuxo Feitura Imaxe.

Houbo unha actividade estrela durante anos, cando o Ateneo aínda non dispuña de local social como o Cine Club, aquelas proxeccións e tertulias nos desaparecidos cines de Ferrol que tiveron a súa continuidade cos Ciclos de Cine Social e, sen esquecer aos nenos co cine infantil tódolos sábados.

Outra actividade con carácter de seu é a publicación dos Cadernos do Ateneo, recuperada na directiva de Guillermo Llorca, importante pola súa aportación á recuperación da Memoria Histórica a cal conseguimos darlle continuidade co apoio da Deputación, (Xentes de Ferrolterra, Sofía Casanova, Xaime Quintanilla…).

Nese apartado de publicacións temos que nomear a Revista Atenea aparecida en 1999 e realizada, ata o nº 14, con Fernado Ocampo e Mar Villares, deseño que contaba con seccións moi definidas (Servizos, Solidariedade, Convocatorias, Programación, Contos, Poesía..), todos eles recollían esa política de portas abertas con espazos para outras entidades e colaboracións. Manifestar a miña satisfacción pola súa continuidade, aínda que mudou de contidos e outras claves o cal respectamos.

Remato citando unha actividade esencial no Ateneo Ferrolán, iso en todas as épocas, e con prioridade, como a celebración de conferencias, xornadas e mesas de debate onde achegar ao público en xeral todas aquelas problemáticas que preocupan na sociedade, sen exclusión, e mesmo todo tipo de mesas de confrontación e debate. Un exemplo dese interese, podería ser as propiciadas, por primeira vez, nas eleccións locais do 1987 coa participación de todos os candidatos á alcaldía de Ferrol.

Todo esto tivo unha liña común, coido que moi importante para unha entidade social, como é manter a súa independencia e autonomía, a non adscrición a ningún grupo de poder ou político que conleva eivas ou a situacións comprometidas de difícil saída, e tendo en conta que somos un colectivo, un grupo de persoas cadaquén coas súas ideas e criterios.

Esa independencia, avaliada pola presentación de proxectos interesantes e factibles de levar adiante, naqueles temas de interese xeral, considero que veu sendo a garantía de supervivencia do Ateneo Ferrolán, e dese xeito poder recibir o apoio, e porque non subvencións, por parte das diferentes administracións.

PRESIDENTES DO ATENEO FERROLAN

POR ELISEO ZAERA RIOS

Dende 1995 ate xaneiro do 2.012 foi Presidente do Ateneo Ferrolán ELISEO ZAERA RIOS.

Algo máis de dezaseis anos, que son moitos anos. Nos últimos coletazos da reconversión naval, pasada a experiencia industrial de IMENOSA, experiencia nunca ben analizada e valorada, cheguéi ao ocaso dunha vida laboral de 44 anos e con él a os procesos establecidos de prexubilación e xubilación definitiva que en certo modo "suavizan" o tránsito á vida pasiva. Pero, os "amigos", as inquedanzas propias e a natural inclinación a participar no "rebulir" da sociedade movéronme a aceptar o reto de asumir a presidencia desta veterana Sociedade cultural que xunto con un grupo de directivos/as levamos adiante con diversa fortuna, con acertos e desacertos. Facer un resume de todos estos anos non é tarefa doada, pola extensión, polas múltiples actividades e polos sentimentos encontrados que houbo que superar en algunhas delas. Dificultades non faltan nunca na vida e cicáis a que máis pesa nesta tarefa de proxectos culturáis sexa o problema económico que sempre anda "flotando" arredor de canta iniciativa se presenta ou por riba de acontecementos consolidados pero que hay que reinventar ano tras ano e non sempre coa comprensión e o apoio que con demasiada ilusión moitas veces esperamos. Sempre penséi, e sigo pensando no fondo, que os cartos non poden ser, non deben ser, obstáculo para a realización dun proxecto importante, sobretodo no eido da cultura, pero a cruda realidade é que moitas veces condicionan ou hasta cerran a posibilidade dunha realización axeitada dun acontecemento ou idea de alta proxección cultural.

Buscando aspectos positivos non é difícil atopar e destacar o ambiente de boa convivencia e participación dos moitos socios e socias que se achegaron a cotío polas dependencias e servicios do Ateneo e asistiron aos actos que se organizaron. Fitos destacables nesta etapa penso que hai que sinalar o alto nivel acadado polas publicacións, Revista ATENEA, CADERNOS e CD's do CONSTANTINO BELLÓN, sen esquecer os catálogos das últimas exposicións do Concurso fotográfico de Medio Ambiente, no que ano tras ano estase a dar unha extraordinaria participación e calidade.

Deixando moita tinta no tinteiro, sobre actividades do Ateneo Ferrolán, de moita sona e relevancia, quero pararme en duas cuestión das que se fala menos ainda que a presencia e participación do Ateneo foi e segue a ser, en canto é posible, notable, presencia do Ateneo como institución e coa representación do seu Presidente, asumindo todo o risco persoal da incomprensión de moitos, non socios e tamén socios. En primeiro lugar,



o "compromiso social": Os movimentos, as reivindicacións, as aspiracións cidadáns, as crises..., todo está inmerso, influido e influinte na cultura dun pobo. A evolución e solución de cada un deses episodios da vida cidadana depende moito da implicación neles das organizacións sociais. É necesario facerse ouvir, apoiar as aspiracións lexítimas dos colectivos, contribuir a mellorar o nivel cultural e polo tanto a satisfacción de vivir dos cidadáns. E neso penso que estivemos, está i estará o Ateneo Ferrolán como Asociación cultural comprometida. O segundo tema que considero relevante e de repercusión internacional, pero que prácticamente pasóu desapercibido, seguramente pola miña culpa, é o recoñecemento que ten o Ateneo Ferrolán no espacio dos Ateneos do Mundo. Foi un reto que se presentóu en varios encontros de Ateneos de España no ano 2.000, en Gijón, Madrid, Valencia e Lisboa, e que cristalizóu no 2.001 en México D.F. onde quedóu constituida a Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos (AIFA). Na curta historia desta Asociación Internacional figura o Ateneo Ferrolán como socio fundador xunto con unha ducia de Ateneos do mundo. A delicada situación económica do Ateneo Ferrolán fixo que se presentara o dilema alternativo i escluinte: ou non estar nesta historia, ou asumila persoalmente que foi o que fixo o Presidente pola súa conta. Á reunión constituinte de AIFA en México, febrero de 2.001, seguiron outras en Aguascalientes (México), Santo Domingo, Quito, Puerto Rico, Gijón e Asunción (Paragüay). En todos esos encontros, en todos eses Ateneos estivo o Ateneo Ferrolán representado polo seu Presidente. É xusto decir que a repercusión económica persoal de todos estes desplazamentos queda suficientemente compensada polas vivencias e o enriquecemento cultural recibido.

Tamén hai que lembrar, no marco destas relación cos Ateneos de España e Iberoamérica, a espléndida conferencia dada polo Presidente do Ateneo de Madrid, José Luis Abellán, sobre o ferrolán JOSÉ CANALEJAS, e o brillante espectáculo de folclore mexicano que nos ofrecéu no Auditorio de FIMO un nutrido grupo do Ateneo de REYNOSA (Tamaulipas-México). Lástima que a crise abortara moitos destes intercambios que AIFA tiña previstos nos seus programas.

Remato coa valoración positiva destes anos e un sentimento de fachenda, satisfacción e honra polos 16 anos de presidencia do ATENEO FERROLÁN.


PROGRAMACION

MEMORIA ACTIVIDADES REALIZADAS ANO 2012

(Por mor das obras de rehabilitación da nosa sede, pechada dende setembro do ano 2010, tivemos que utilizar diferentes espazos públicos)

1. Publicación da REVISTA CULTURAL "ATENEA"
- TRIMESTRAL - Dende 1999. **12 ANOS DA NOSA REVISTA**
- *Distribución Trimestral gratuíta a socias e socios desta entidade, a Centros de Ensino, Culturais, Bibliotecas e Centros de especial interese de Galicia e España.*
- **ATENEA 43** – Xaneiro-Febreiro-Marzo 2012: Especial "UN CONTO DE NADAL PARA UNHA NENEZ ATEA".
- **ATENEA 44** – Abril-Maio-Xuño-Xullo 2012: Especial "A CULTURA COMO ALIMENTO CONTRA A CRISE".





2. WEBLOG e FACEBOOK íntegro en galego
(Mantemento Publicación-Difusión Actividades Culturais)
BLOG: **http://ateneo-ferrolan.blogspot.com/**
Facebook: **http://www.facebook.com/pages/Ateneo-Ferrolan/134569549934117**
En proxecto e traballando a nosa web de próxima presentación: **www.ateneoferrolan.org**



3. CLUBE DE LECTURA: No curso 2012 continuamos co noso Clube de Lectura mensual (todo o ano).

4. CÍRCULO DE PENSAMENTO (CIRPEN): Reunión mensual (todo o ano).

5. II MOSTRA DE DOCUMENTAIS EN GALEGO 2012

6. XXII CERTAME FOTOGRÁFICO "MEDIO AMBIENTE"

Co motivo da celebración do "Día Mundial de Medio Ambiente", o Ateneo Ferrolán ven realizando, dende o ano 91, tódolos anos un CERTAME FOTOGRÁFICO que neste ano cumpriu a súa 22ª edición. O certame contou cunha ampla participación de fotógrafos de Galicia e toda España, e incluso a nivel internacional (Portugal, Alemania, ...) que nas obras presentadas resaltaron a importancia da natureza nas súas vertentes de coidado e denuncia das agresións que recibe a mesma no actual tipo de sociedade que estamos a construír.

A exposición constou dunha selección realizada polo Xurado, de 50 fotografías (máximo) enmarcadas, coas que se realizou unha Mostra itinerante a partir da súa inauguración e exposición que tivo lugar, como sempre, o día 5 de xuño (Día Mundial do Medio Ambiente), este ano na Sala de Exposicións da Autoridade Portuaria Ferrol – San Cibrán.





7. CONFERENCIAS

O Ateneo Ferrolán organizou no salón de actos da Sociedade Galega de Historia Natural (Canido) unha conferencia a cargo de Jaime Fagúndez Díaz (Dr. en Bioloxía e profesor na Universidade da Coruña).
A conferencia estivo integrada nos diferentes actos conmemorativos que levamos a cabo en torno ao bicentenario da Constitución de 1812 e, neste caso, destacamos súa relación específica co traballo do ferrolán José Alonso López: "Consideraciones generales...".
O título da mesma foi:
"A flora de Ferrol en tempos da Pepa. Descubrindo o traballo científico de Alonso López".

8. CONFERENCIAS

O Ateneo Ferrolán quixo render homenaxe a Miguel de Unamuno coa intención de difundir a vida e obra deste escritor. O acto de homenaxe celebrouse na Fundación Novacaixagalicia. Contouse coa participación de Alexandre Rodríguez Guerra e do biznieto de Unamuno, Luis Miguel Santos de Unamuno. O profesor da Universidade de Vigo, Alexandre Rodríguez Guerra, presentou a ponencia titulada "Miguel de Unamuno, Ferrol e a xente ferrolá". Luis Miguel Santos de Unamuno centrouse na vida do intelectual na ponencia titulada "A personaxe Unamuno".

9. CONFERENCIAS

Na Galería Sargadelos baixo o título: "A Constitución de 1812. Ferrol e Alonso López"
A cargo de: Teodosio Ramírez Criado. Avogado, especialista en Dereito Constitucional. Colaborador habitual en diferentes medios de comunicación.

10. CONFERENCIAS

Na Galería Sargadelos, o ATENEO FERROLÁN organizou unha conferencia a cargo de D. José Ramón Vidal Romaní, profesor da Universidade da Coruña, co título:
CAMBIOS NO NIVEL DO MAR NA COSTA DE GALICIA DURANTE OS ÚLTIMOS 2.56 MILLÓNS DE ANOS: O BOSQUE FÓSIL DE PONZOS
A conferencia afondou na importancia dos restos petrificados dun bosque que o mar descubriu no mes de agosto do pasado ano 2009.



11. CONCERTO

CORO MIXTO DIAPASÓN - HOMENAXE Á DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA -

No centro cultural "Carballo Calero" da nosa cidade, déronse cita máis dun cento de persoas para escoitar o concerto do xove Coro Diapasón, que desenrolou un amplo repertorio de temas cantados en diversas linguas -hasta oito distintas-, facendo o seu propio homenaxe o "Día das letras galegas".
O Coro Diapasón créase no ano 2010 froito da fusión de dous grupos corais, un deles xuvenil, que iniciaban a súa andaina neses intres. A coincidencia o participar ambos os dous nun taller de música contemporánea, impartido polo seu director Juan Brage, foi o desencadeante e elemento decisivo no devir do Coro, xa que Diapasón interpreta fundamentalmente música coral contemporánea, tanto culta coma popular. O Coro e unha interesante mixtura de persoas de diferentes idades. Está formado por 22 membros, moitos deles, os máis xoves, estudantes no Conservatorio de música de Ferrol.
E un grupo peculiar, cun estilo propio e unha grande ilusión por cantar, como o demostrou no pasado Nadal nas que inundou e alegrou desinteresadamente as rúas do centro da cidade coa súa música, recibindo innumerables felicitacións por elo.
É totalmente amateur e sostense exclusivamente grazas as aportacións dos seus integrantes.



FESTIVAL DE APOIO AO ATENEO FERROLÁN E A SÚA SEDE

Tivo lugar no Palco da Música do Cantón de Molíns

O festival encheuse de actividades relacionadas coa música, as letras, o teatro e as artes plásticas. Coa participación de: Grupo Raparigos, Eva Veiga, o grupo Zanfonas de Trasancos, María Manuela, Helga Méndez, Tonecho Varela, Guillermo Ferrándiz, Manolo Bacallau, Rubén Artabe, Suso Basterrechea e Luis Rapela.

12. TERTULIA

"MEDIOS DE COMUNICACIÓN E SOCIEDADE" na Galería Sargadelos coa participación de:
Carlos Miragaya - *Director do Diario de Ferrol*
André C. Pastor - *Integrante dunha radio libre e comunitaria da Galiza*
Julia Diaz - *Periodista radiofónica na cadena COPE*





13. MARTES DE CINE
CICLO POLITICA E SOCIEDADE

14. HOMENAXE A CELSO EMILIO FERREIRO no seu centenario.
Interviron:

Enrique Barrera Beitia, Historiador *"O contexto político-social da época"*

José Luis Forneiro Pérez, Profesor de Filoloxía Galego-Portuguesa da USC. *"Vida e obra de Celso Emilio"*

Presentado: Fernando Ocampo Montesinos

RECITAL POÉTICO - MUSICAL E EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA da obra de Celso Emilio Ferreiro



15. XII XORNADAS DE CURTAMETRAXES
Comezadas no ano 2001 con grande interese do público en xeral.
O OBXECTIVO é dar a coñecer a un público amplo a calidade e variedade das curtametraxes, sobre todo das galegas. Estas xornadas están a converterse nun referente, por ser un esforzo realizado para divulgar a produción de curtametraxes, que en moitos casos fica agochada.
Trátase de acceder a unha parte do audiovisual que atesoura gran calidade.
Como lembranza do que foron estas XORNADAS ao longo destes doce anos de andadura dicir que na nosa programación priman as curtas galegas e en galego pero que tamén damos paso para coñecer outros autores a nivel internacional.

16. DEBATE ELECTORAL DO ATENEO FERROLAN
Na Galería Sargadelos no que asistiron os representantes da comarca para as eleccións á Xunta de Galicia:
- Miguel Tellado polo PP
- Xoán Bascuas por CxG
- Fernando Blanco polo BNG
- Beatriz Sestayo polo PSOE
- Yolanda Díaz por Alternatica Galega de Esquerda.

Moderou: Raúl Salgado (Periodista)



17. XXII XORNADAS DA GAITA
Este ano preparamos un acto no que tocamos coas diferentes formacións que se usaron no século pasado ate a actualidade. No acto interviron como gaiteiro solista, Daniel López Grandal; como cuarteto de gaitas, Xente Nova; e como Grupo de Gaitas, "Agarimo" de Catabois.

18. BIBLIOTECA - HEMEROTECA
Mantemento, xestión e incremento de fondos.
Dende o ano 1989 está considerada "BIBLIOTECA DE TITULARIDADE PRIVADA DE ESPECIAL INTERESE PARA GALICIA".
E dende o ano 1996 (Orde do 21.10.1996) está "INTEGRADA NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA".

III MOSTRA DE DOCUMENTAIS EN GALEGO 2013

A pesar dos sucesivos recortes que está a sufrir o audiovisual galego, tantos os produtores como os directores, seguen apostando por unha industria audiovisual galega e o Ateneo Ferrolán intenta contribuír neste eido para que o documental en galego non se deteña, por iso, igual que o ano anterior, celebrouse, por fin na nosa sede, a III Mostra de Documentais en Galego.

Cunha grande afluencia de público abriuse a mostra co documental "Proxecto Zeca" de Pablo Portero. Un documental dedicado a figura do poeta e músico portugués José Manuel Cerqueira Afonso dos Santos, coñecido como o "trovador da liberdade" Zeca Afonso.

Posteriormente proxectouse "Con Equiteta" de Adriana Pérez Villanueva, cunha historia que non deixou indiferente a ninguén. Este documental ofrece as voces espidas dun grupo de persoas relacionadas dalgunha maneira coas enfermidades mentais. Xente cun diagnóstico, xente que diagnostica e familiares desvélannos esa outra realidade agochada naquelas persoas que están ao noso arredor. Unha hora na que nos achegamos ao difícil proceso vital dunhas persoas que comparten moito máis cunha etiqueta.

O documental "O Reloxeiro" de Rita Romero, pechou esta terceira mostra de documentais en galego. Nel nárrase unha historia dos artesáns do tempo, Evanxelino Taboada, o último construtor de reloxos de Galicia. Esta é a historia dunha filla que quere recordar, dun escritor que investiga nunha sociedade marcada polo estalido da guerra civil.

Esperámosvos na seguinte edición da mostra de documentais no Ateneo Ferrolán.



CONCURSO INTERNACIONAL de COMPOSICIÓN e GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

O "Constantino Bellón" foi creado polo ATENEO FERROLÁN, no ano 1991, para servir como unha plataforma de expresión e presentación de novas pezas e autores, e para axudar a manter, potenciar e prestixiar a figura do Gaiteiro Integral da nosa música tradicional de gaita galega. Isto, fixémolo baixo a forma dun concurso de composición e interpretación de gaita que pretende manter o xeito de tocar a GAITA GALEGA con xiros e técnicas propiamente galegos.

Dentro desa liña, quixemos imprimirlle unhas características propias e coherentes cos seus obxectivos. Así, o "Constantino Bellón" é coñecido polo estrito das súas Bases, que están a convertelo na plataforma máis representativa e garante da nosa música de gaita. Outras das características de seu, son o propio nome e o logotipo do Concurso, realizado cun dos debuxos máis representativos do pintor LUÍS SEOANE, coa tradicional figura do gaiteiro galego que vai impresa en toda a publicidade, así como nunha peza de cerámica, elaborada por Sargadelos e que se entrega a todos os gaiteiros finalistas e ás entidades colaboradoras.

Entendiamos que o "Constantino Bellón" debería de xogar un papel representativo de Galiza e Ferrol polo que, as súas edicións veñen a realizarse o día 31 de agosto, como data significativa na nosa cidade.

Ó chamarlle "CONSTANTINO BELLÓN", aquel grande mestre gaiteiro, quixemos render unha pequena homenaxe a todos aqueles que, a través dos tempos e camiños cheos de atrancos, souberon manter vivo o son da nosa cultura ata os nosos días.

No apartado de colaboracións conseguimos as máis representativas, como poden ser as das institucións públicas: Concello de Ferrol, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, complementadas a nivel privado coa participación de Sargadelos e posteriormente, do Obradoiro SEIVANE co seu significado sempre comprometido na defensa da cultura galega.

Dende a 6ª edición, no ano 1996, introduciuse unha variación moi importante como é a participación de catro gaiteiros das Comunidades Galegas do Exterior. Esta novidade foi posible grazas á aportación da Secretaría Xeral de Emigración que financiou durante 14 anos os gastos derivados da participación dos mesmos. Neste sentido, engadiuse como Punto nº 5 das Bases do "Constantino Bellón", o Premio "Gaiteiro de Soutelo", acadando co mesmo unha presenza en todo o mundo galego, por medio dos envíos de publicidade e gravacións do mesmo, a todos os centros galegos do país e da diáspora.

Tamén, e dende o ano 2003 engadiuse o Punto nº 9 ás Bases do Constantino Bellón o Concurso de Composición para Gaita Galega Solista.

Tamén, dende o ano 2008 engadiuse ao Punto nº 5 das Bases do "Constantino Bellón" referente ao Gaiteiro de Soutelo, o Premio Seivane, que consiste nunha gaita feita e personalizada especialmente para esta edición que será concedida a aquel concursante que, a xuízo do xurado, mellor defina, tanto na súa presenza como na súa interpretación, a imaxe tradicional do gaiteiro.

BASES

1. Poderán tomar parte tódolos gaiteiros que o desexen. As gaitas poderán estar afinadas en calquera tonalidade.
A interpretación será sen acompañamento.

2. REQUISITOS:

2.1) Os concursantes deberán enviar ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202-204, 15402- Ferrol) un CD gravado coa peza,"BRÉTEMA", de Pepe Temprano, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
2.2) A partitura orixinal dunha peza inédita composta expresamente para este Concurso e unha copia da partitura da peza tradicional ou de autor.

3. PLICAS.

3.1) Os concursantes deberán enviar o CD nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Este sobre deberá incluírse noutro, co mesmo pseudónimo no exterior e acompañado da seguinte documentación: partituras -orixinal e tradicional-, así como os seus datos persoais: nome, apelidos, DNI, enderezo, teléfono e correo electrónico.
3.2) A non cumprimentación dos anteriores requisitos é excluínte da selección para o concurso.

4. As partituras ficarán en propiedade do Ateneo Ferrolán.

5. Co obxectivo de promocionar a participación da Galicia do exterior créase un apartado específico, dirixido ós gaiteiros das comunidades galegas da emigración, chamado "Gaiteiro de Soutelo".

6. Na final actuarán, como máximo, un total de catorce gaiteiros repartidos do seguinte xeito:
- Dez finalistas seleccionados polas gravacións presentadas directamente ó Ateneo Ferrolán, tal e como se contempla nestas Bases.
- Catro finalistas seleccionados segundo se especifica no Premio "Gaiteiro de Soutelo".
- Tódolos finalistas vestirán obrigatoriamente o traxe tradicional galego.

7. A interpretación no Concurso constará de :

7.1) Unha peza inédita, creada expresamente para a presente edición do Concurso "Constantino Bellón", e máis da peza tradicional ou de autor.
7.2) A interpretación de ámbalas dúas pezas, no seu conxunto, non poderá sobrepasar a duración de 6 minutos.

Tódolos finalistas recibirán unha peza de cerámica deseñada por Sargadelos, baseada nun óleo de Luís Seoane, cedido expresamente para este concurso, e un Diploma acreditativo da súa participación no Concurso.

8. A dotación do Premio será de 3000 € con dous accésit de 1000 €. Tanto o Premio como os accésit poderán ser declarados desertos.

9. Concurso de composición para Gaita Galega Solista.

10. O Xurado cualificador valorará o emprego de xiros e técnicas propiamente galegos por parte dos finalistas e a súa decisión será inapelable.

11. Como remate do Concurso, os finalistas interpretarán conxuntamente a peza obrigatoria. Para ilo, deberán traer unha gaita en DO, afinada a 440 Hz.

12. O Ateneo Ferrolán editará unha gravación do Concurso coa edición do mesmo en formato de disco compacto.

13. O Prazo de inscrición remata o 15 de xullo do 2013.

14. A final terá lugar na cidade de Ferrol o día 31 de Agosto do 2013.

15. Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do Xurado. A participación no Concurso implica a total aceptación destas BASES.

CONCURSO DE COMPOSICIÓN PARA GAITA GALEGA SOLISTA,

REQUISITOS: (Punto Nº 9 do "Constantin Bellón)

9.1) Poderán tomar parte todos os compositores que o desexen.
9.2) É obxecto deste concurso premiar a mellor partitura escrita para Gaita Galega Solista acompañada ou non, dun conxunto instrumental composto por un tope máximo de 40 instrumentos.
9.3) A composición ten que ser inédita, non ter sido estreada, nin haber sido premiada anteriormente en ningún outro concurso, nin haber sido obxecto de ningún encargo previo. Terá unha duración mínima aprox. de 5 min. e máxima de 12 min.
9.4) Os traballos presentaranse en todos e cada un dos seguintes formatos: a partitura orixinal impresa, formato PDF, formato audible ".MID. .WAV ou .MP3".
Formato de edición de partituras, admitíndose os seguintes programas: ENCORE, FINALE ou SIBELIUS.
9.5) Os concursantes deberán enviar ao enderezo do Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena 202-204. 15402 – Ferrol) este traballo que virá nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Neste sobre deberá incluírse outro co mesmo pseudónimo no exterior e cos seguintes datos persoais no interior: nome, apelidos, DNI, enderezo, teléfono e correo electrónico.
9.6) O prazo de presentación das partituras rematará o día 15 de xullo de 2013.
9.7) A dotación do Premio será de 3000 € con dous accésit de 1000 €.
9.8) O premio poderá ser declarado deserto.

"GAITEIRO DE SOUTELO"

(Punto Nº 5 do "Constantin Bellón)

A. Co gallo de promocionar a participación da Galicia do exterior no Concurso "Constantino Bellón", o Ateneo Ferrolán convoca o Premio "Gaiteiro de Soutelo".

B. Poderán participar tódolos gaiteiros de fora da Galiza así como dos centros galegos da Galicia do Exterior .

C. Os concursantes deberán enviar ao enderezo do Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena 202-204. 15402 – Ferrol):
1) Un CD gravado coa peza"BRÉTEMA", de Pepe Temprano, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
2) Partitura orixinal dunha peza de composición inédita, creada expresamente para este Premio, así como copia doutra tradicional ou de autor.

D. PLICAS. Os concursantes enviarán o CD nun sobre pechado cun pseudónimo identificador. Conxuntamente, noutro sobre escrito por fora co mesmo pseudónimo, deberán facer constar os datos persoais do participante: nome, apelidos, enderezo, DNI, país de residencia e correo electrónico. No mesmo deberán incluír o orixinal da partitura inédita presentada ó Premio "Gaiteiro de Soutelo", e máis a copia da tradicional ou de autor.

E. PRAZO. O prazo de presentación remata o 1 de xullo do 2013.

F. PREMIOS. Os premios "Gaiteiro de Soutelo" consistirán na asistencia e participación, cos gastos de desprazamento e estadía pagados, ao Concurso "Constantino Bellón" que organiza o Ateneo Ferrolán o 31 de agosto do 2013, na cidade de Ferrol (Galiza).
- Haberá catro premios.

G. Coa intención de estimular e recompensar a dedicación e amor pola música e cultura galega na diáspora, o Obradoiro de Gaitas Seivane crea o 'Premio Seivane'. Poderá optar a el calquera gaiteiro incluído no Premio Gaiteiro de Soutelo. Consistirá nunha gaita feita e personalizada especialmente para esta edición do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón". Será concedido aquel concursante que, a xuízo do xurado, mellor defina, tanto na súa presenza como na súa interpretación, a imaxe tradicional do gaiteiro.

MENCIÓN DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

O Ateneo Ferrolán, en liña coa súa defensa e promoción das artes, na súa faceta de música, coincidindo co Concurso de Gaita "Constantino Bellón", CREA unha mención honorífica, dirixida a aquelas persoas ou entidades que destacaron polo seu traballo a prol da música galega.

1. Gaita de Ouro "Constantino Bellón"

2. Este Premio outorgase tódolos anos, por parte do Ateneo Ferrolán, coincidindo coa celebración do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".

3. Para a nominación de Mencións, o Ateneo Ferrolán solicitará do Xurado do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a súa opinión que se reflexará nunha terna de candidatos a valorar, quedando a nominación e concesión final baixo os criterios do Ateneo Ferrolán.

4. A presente Mención será de carácter honorífico e non económico, non estando suxeita a ningún tipo de compromiso por ámbalas dúas partes, a non se-lo propio e moral que conleva o recoñecemento público da labor efectuada polos galardoados.

MENCIÓNS CONCEDIDAS

Ano 1995 Mención Gaita de Ouro: *Quinteto Tradicional "Raparigos"*
Mención Gaita de Prata: *Carlos Zaera Landeira*

Ano 1996 Mención Gaita de Ouro: *Antón Corral*, Universidade Popular de Vigo
Mención Gaita de Prata: *Grupo Tradicional "Os Garceiras"*

Ano 1997 Mención Gaita de Ouro: *José Seivane Rivas*, artesán
Mención Gaita de Prata: *Grupo Tradicional "Os Rosales"*

Ano 1998 Mención Gaita de Ouro: *Emilio Corral Vázquez*, gaiteiro
Mención Gaita de Prata: *Real Coro "Toxos e Froles"*

Ano 1999 Mención Gaita de Ouro: *Juan Bello Mallou*
Mención Gaita de Prata: *"Os Montes"*

Ano 2000 Mención Gaita de Ouro: *Enrique Otero Covelo*
Mención Gaita de Prata: *Asociación Xuvenil "Xacarandaina"*

Ano 2001 Mención Gaita de Ouro: *Luciano Pérez Dlaz*
Mención Gaita de Prata: *"Faiscas do xabre"*

Ano 2002 Mención Gaita de Ouro: *Xosé López Bao*, artesán
Mención Gaita de Prata: *Orfeón Terra Nosa*

Ano 2003 Mención Gaita de Ouro: *Rogelio Groba y Groba*
Mención Gaita de Prata: *Escola de Gaitas de Ortigueira*-Mención Especial a *Xavier Garrote*

Ano 2004 Mención Gaita de Ouro: *José Luis Calle*
Mención Gaita de Prata: *Programa de Radio "LUME NA PALLEIRA"*

Ano 2005 Mención Gaita de Ouro: *José Temprano Vastro*
Mención Gaita de Prata: *CONSERVATORIO DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK de LALÍN*

Ano 2006 Mención Gaita de Ouro: *Alvaro Seivane Maside*
Mención Gaita de Prata: *Grupo Milladoiro e a Manuel García Pereira, Lolete.*

Ano 2007 Mención Gaita de Ouro: *Rubén González López*
Mención Gaita de Prata: *Cantigas da Terra*

Ano 2008 Mención Gaita de Ouro: *Ao programa da TVG "ALALÁ"*

A partir deste ano so concederase a Mención Gaita de Ouro desaparecendo a de Prata

Ano 2009 Mención Gaita de Ouro: *Miguel Doval González*
Ano 2011 Mención Gaita de Ouro: *Xosé Manuel Seivane Magide*

CONCURSO FOTOGRÁFICO

O ATENEO FERROLÁN, con motivo da celebración do **DÍA MUNDIAL DE MEDIO AMBIENTE**, organiza coa colaboración da Concellaría de Medio Ambiente do Concello de Ferrol un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexerá polas seguintes :

BASES

TEMA: Estará relacionado coa ecoloxía nos seus diferentes aspectos (fauna, flora, paisaxe, agresións...). Entendemos por medio ambiente todo o que afecta a un ser vivo e condiciona especialmente as circunstancias das persoas ou da sociedade na súa vida. Comprende o conxunto de valores naturais, sociais e culturais existentes que inflúen na vida do ser humano e nas xeracións vindeiras. Non se aceptarán a concurso fotografías de pitiños, niños, nin ningunha imaxe que poda implicar sufrimento ou dano dun ser vivo. No caso de imaxes en cativerio, será necesario mencionar dita circunstancia.

PARTICIPANTES: Estará aberto a todas as persoas interesadas no tema, sexan afeccionadas ou profesionais da fotografía.

OBRAS: Cada participante poderá enviar un máximo de TRES fotografías, en branco e negro ou cor, podendo acceder soamente a un dos premios.
Non se admitirán fotografías que fosen premiadas noutros concursos. Tampouco se aceptarán colaxes, montaxes, fotografías pintadas nin manipuladas dixitalmente que alteren as imaxes máis alá do que se pode chegar a modificar mediante os procesos de fotografía tradicional.
Os participantes responsabilizaranse así mesmo de que non existan dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas, así como de calquera reclamación que poida xurdir sobre as mesmas no que se refire a dereitos de imaxe. Estes dereitos estenderanse a fotografías do autor que teñan unha grande similitude coas presentadas a concurso.

TAMAÑO: Ningunha das fotografías presentadas poderá exceder no seu lado maior de 40 cm., nin este poderá ser inferior a 24 cm. As fotografías deberán presentarse montadas sobre unha cartolina, que sobresaia, con dous únicos tamaños de 30 x 40 ou 40 x 50 cm.

PLICAS: Os participantes indicarán o pseudónimo do autor e o título da fotografía no reverso da cartolina na que deberá montarse cada foto. No interior dun sobre pechado que leve o pseudónimo, figurarán os seus datos persoais: nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, e-mail e pseudónimo utilizado.

ENVÍOS: *As fotografías enviaranse ao seguinte enderezo:*

ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena, 202-204
CP 15402, FERROL

A organización velará pola correcta conservación das obras presentadas. Aínda así, non se fai responsable de calquera desperfecto que de maneira involuntaria poidan padecer as fotografías.

PRAZO: O prazo de admisión remata o 10 de maio de 2013.

XURADO : O xurado estará formado por TRES persoas cualificadas no campo da fotografía. A secretaría recaerá nun representante do Ateneo. A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer o día 5 de xuño, no acto de inauguración da Exposición, coincidindo coa celebración do DÍA MUNDIAL DE MEDIO AMBIENTE.

Se seleccionarán un máximo de 50 fotografías para a exposición itinerante.

A organización terá o dereito de reprodución das fotografías premiadas, que poderán ser utilizadas libremente e sen compensación económica, con finalidades relacionadas co concurso de Fotografía de Natureza ou coas actividades do Ateneo Ferrolán que non conlevan ánimo de lucro. Para isto e para valorar a fidelidade das copias presentadas os gañadores deberán presentar os orixinais antes de percibir os respectivos premios. En caso de utilizar para a captación das fotografías medios dixitais remitirase o ficheiro e tamén o arquivo do que se obtivo a copia para realizar as comprobacións necesarias.

PREMIOS: **1º** 900 €
2º 300 €
3º 150 €

Se as obras presentadas non alcanzasen a calidade necesaria, a criterio do xurado e por unanimidade, os premios poderán ser declarados desertos. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incumprimento das Bases, procederase á revogación do mesmo, recorrendo a calquera forma adecuada dentro do ordenamento xurídico.

ENTREGA DE PREMIOS: Farase o día 5 de xuño no acto de inauguración da Exposición.

EXPOSICIÓNS: Coas fotografías seleccionadas farase unha primeira Exposición no Ateneo Ferrolán, dende o día 5 ate o día 30 de xuño. A Organización, facendo uso dos seus dereitos, realizará unha itinerancia da Mostra. Dentro da itinerancia contémplase a súa mostra no Outono Fotográfico de Ourense. As fotografías seleccionadas quedarán a disposición do Ateneo Ferrolán ata o día 31 de maio do seguinte ano.

DEVOLUCIÓNS: Devolveranse aquelas obras que veñan acompañadas dun sobre prefranqueado ou aquelas que sexan recollidas persoalmente no Ateneo Ferrolán, establecendo un prazo de 60 días a partir do termino de dita itinerancia. Transcorrido o mesmo entenderase que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.

OBSERVACIÓNS:
- A participación no Concurso implica a total aceptación destas bases.
- Os casos non contemplados nestas BASES serán resoltos polo xurado.

AGRADECEMENTOS: Á Casa da Xuventude de Ourense, por incluír as fotos seleccionadas na súa Mostra, no conxunto de exposicións que compoñen tan prestixioso evento no mundo da imaxe.

Ateneo Ferrolán



Ateneo Ferrolán

Asiste en apoio ao Ateneo!